Máis aló, dos datos preocupantes que surxen deste informe, relacionados cos servizos básicos que se prestan (Sociais, sanitarios ou educativos) nestes concellos en risco de despoboamento, a conclusión terceira indica o factor chave nesta problemática, relacionado directamente co infrafinanciamento das entidades locais, que segue sen ter





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

unha solución, cando menos provisional, pola Xunta de Galiza, que permanece inmóbil ante a necesidade urxente de actualizar o modelo de financiación dos municipios galegos.

Coincide o Consello de contas na reivindicación do BNG de aumentar o Fondo de Cooperación Local, diminuindo as transferencias finalistas aos concellos, para que os fondos que reciban da súa participación nos impostos doutras administracións sexan incondicionados. Así o manifesta ao afirmar que “O FCL é unha PICA de importe moi reducido, que resulta de importe igual e incluso inferior á maior parte das axudas recibidas polos concellos en convocatorias ordinarias. 17 dos 20 concellos para os que se analiza a comparativa FCL/subvencións reciben máis importe por habitante nas convocatorias de axudas, con diferenzas de ata 10 veces máis. Só nos supostos de reparto de importes do Fondo Adicional pode chegar a supoñer un financiamento de relevancia para algunha entidade local, pero é precisamente no Fondo Adicional onde perde a natureza de PICA e se configura como unha «sorte» de subvención finalista que non pode asimilarse a unha PICA. En todo caso, o importe por habitante do Fondo Adicional e do propio Fondo Xeral non permiten unha compensación da natureza de concello de Reto que permita asumir medidas ou investimentos que permitan conter ou reverter o problema” e propón como medida correctora: “Debería modificarse o importe do Fondo de Cooperación Local, incrementando a contía e reparto entre concellos. Debería aproveitarse a modulación que permite o Fondo adicional para incluír extremos de relevancia en relación ao reto demográfico ou alternativamente configurar un “Fondo de Cohesión Territorial” destinado ao financiamento do incremento da capacidade institucional de resposta das áreas en risco de despoboamento co obxecto de incrementar a súa sustentabilidade económica, pero tamén social e ambiental.”

Tamén é crítico o Consello de Contas, na súa conclusión cuarta co financiamento condicionado por medio de axudas e convenios ao manifestar que “Unha parte moi relevante do financiamento dos Concellos ven da participación en





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

convocatorias de axudas ou sinatura de convenios de colaboración, o cal demora a concreción e realidade dos seus ingresos anuais e plurianuais ata finais do segundo semestre de cada ano, facéndose efectivo o cobro aínda meses despois. A porcentaxe de execución das transferencias a entidades locais, excluído o FCL, chega só ao 70% do total, tal e como se recolle no informe da Conta Xeral da CAG para o ano 2022 emitido recentemente polo Consello de Contas de Galicia. Polo anterior, no tocante á «posible inestabilidade do financiamento por habitante das entidades locais» para asumir as súas competencias en materia de Reto demográfico, debemos concluír que este indicador sería de risco moi elevado en todos os concellos porque unha grande parte do seu financiamento non fixo (FCL e participación directa nos ingresos do Estado) depende da «vontade» de convocar subvencións ou de concedelas directamente pola CAG.”

Neste sentido, indica o Consello de contas que “Debe modificarse o réxime de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, en particular en financiamento que na actualidade se está a conceder por concorrência non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que con cargo a FCL ou de xeito autónomo se poidan realizar nos propios OXCAG. O financiamento estrutural ou «non condicionado» dos pequenos concellos debería contemplar sistemas que non esixa a participación previa en convocatorias de axudas ou subvencións que limitan a concorrência en función dos recursos persoais e materiais”. Incide o informe na necesidade de completar a simplificación administrativa e formación precisas para diminuír a carga administrativa de presentarse ás solicitudes de axuda e xustificalas, fomentar a profesionalización do persoal, limitando as barreiras de persoal e orzamentarias que afectan aos concellos, en maior medida aos de menor poboación, para facilitar a xestión e financiamento das súas competencias

Por último, en consonancia coas propostas que vén presentando o BNG neste parlamento e que son rexeitadas sistematicamente polo Partido Popular, o Consello de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Contas conclúe que os concellos en situación de Reto demográfico teñen peores valores na prestación de servizos básicos como no transporte público, sanidade, educación, etc...e que non se utilizan fórmulas de cooperación e coordinación comarcais ou áreas funcionais, en parte porque tampouco os concellos que son Reto e son capitais de comarca, non son mellores nin no acceso a servizos básicos (ningún dos concellos ten o acceso a hospitais a menos de 30 minutos), nin na obtención de financiamento (ingresan un 42,83% da media do Fondo Adicional do FCL que reciben os concellos de Galicia), polo que considera o CCG que “debe mellorarse a prestación de servizos e obtención de financiamento dos concellos en Reto, valorando para o despregamento de investimentos ou a entrega de financiamento, parámetros de comparación como os valores por comarca ou no seu caso área funcional, que non teñen por que coincidir con concellos nin comarcas”.

Conclusións e recomendacións nada descoñecidas para o Bloque Nacionalista Galego, porque moitas son compartidas, e tampouco para a Xunta de Galiza e o Partido Popular, que se negan a executar e poñelas en práctica en beneficio das dúcias de concellos que son discriminados, e por tanto tamén os seus habitantes, coas decisións de reparto dos fondos públicos xestionados pola Xunta, creando galegos de primeira, de segunda e de terceira, aos que agora hai que engadir os de cuarta categoría, os concellos en reto demográfico, que xa nin se atreven a definir na normativa, nin a establecer criterios para identificalos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal é o plan do goberno galego para implementar medidas nos concellos identificados polo Consello de contas en situación de Reto demográfico para frear o seu despoboamento e mellorar a prestación dos servizos básicos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten intención o goberno galego de modificar a normativa para establecer unha definición homoxénea dos requisitos e/ou parámetros para ter a condición de territorio en situación de Reto demográfico? Existiu algún motivo para que non se definira na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza?

- Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afogo económico producido polo insuficiente financiamento dos servizos de competencia autonómica prestados polos concellos?

-Despois da publicación deste informe do Consello de Contas, está convencida a Xunta de Galiza de que é necesario incrementar o Fondo de Cooperación Local con cargo a partidas orzamentarias de axudas destinadas a concellos con convocatorias en réxime de concorrència competitiva ou concesión directa?

- Considera suficiente o goberno galego o incremento para este ano 2025 do fondo Base en 5,4 millóns a repartir só entre os concellos de menos de 15.000 habitantes? Considera o goberno galego que se poden equiparar os concellos de entre 5.000 e 15.000 habitantes cos de menos de 3.000 habitantes, ou cos de menos de 1.000? Merecen recibir o mesmo trato de conformidade cos obxectivos determinados na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza? Cree que é un criterio xusto que beneficie aos concellos que se atopan en situación de reto demográfico?

- Vai a adoptar o goberno galego algunha medida eficaz a curto prazo para incentivar a colaboración e cooperación entre concellos en situación de Reto para que estes melloren a prestación dos seus servizos básicos? Exploraron nalgún momento a posibilidade de organizar os recursos e investimentos na liña proposta polas autoridades europeas para a creación de «áreas funcionais»?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten pensado o goberno galego cumprir algunha das 21 resolucións en materia de financiamento local aprobadas pola XI Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada en novembro de 2023?

- Ten pensado o goberno galego cumprir algunha das 8 recomendacións elaboradas polo Consello de Contas de Galiza neste informe?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 20/01/2025 09:55:59**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2025 10:02:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2025 10:02:51**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) fai referencia a un conxunto heteroxéneo de condicións que afectan ao neurodesenvolvemento e ao funcionamento cerebral dando lugar a dificultades na comunicación social e na interacción social en diversos contextos, uns patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses e actividades, e outras manifestacións clínicas que varían dunhas persoas a outras. Esta heteroxeneidade na presentación clínica observase tamén ao longo do ciclo vital dunha mesma persoa, así como na intensidade das súas características, o que implica que as necesidades de cada persoa van ser moi diversas e van a variar a o longo da súa vida.

En Galicia hai diagnosticadas a redor de 27.000 persoas con TEA, case o 1 % da súa poboación, e as políticas desenvolvidas polo goberno da Xunta para a integración, apoio e asistencia a estas persoas e as súas familias son escasas.

O TEA impacta non só na persoa senón tamén na súa familia, e na calidade de vida de todos os seus membros. Porén, a atención ás persoas con TEA require dunha abordaxe integral, orientada a facilitar apoios individualizados, especializados e baseados na evidencia científica, que promovan a súa calidade de vida e o exercicio efectivo dos seus dereitos.

Na actualidade a nivel educativo e asistencial estas persoas teñen ata os 21 anos, e segundo o grado de discapacidade que padezan, acceso á educación nun centro público ordinario, con apoio específico, ou nun centro de educación





especial. Pero a partir de esta idade non existe na nosa comarca ningún centro específico de atención diúrna ou residencial para elas.

Os máis próximos atópanse no Concello de Vilagarcía, xestionado pola asociación Autismo BATA, con 35 prazas, e no Concello de Moraña, xestionado por APACAF (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar) con 7 prazas.

Estes recursos son claramente insuficientes, tendo en conta non só a escaseza de prazas, senón tamén a pouca rotación das mesmas, xa que estes usuarios demandan esta atención ao longo da súa vida, o que fai que estas persoas ao chegar a esta idade non teñan mais opción que quedar na casa ao cargo de coidados familiares, o que supón un gran prexuízo para o seu desenvolvemento e un problema de conciliación para as súas familias.

Dende o Grupo parlamentario dos Socialista de Galicia apóstase porque o Concello de Pontevedra, como capital de provincia e de comarca, teña un centro de atención diúrna específico para estas persoas, dando así resposta ás necesidades asistenciais existentes. Un centro dotado de prazas públicas que naza da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia, que como organismo competente colabore na súa construción e financie as mesmas, poñendo así a disposición das persoas con discapacidade e as súas familias mais servizos, mais facilidades e mais coidados; en definitiva, máis inclusión e máis igualdade.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/01/2025 10:22:35  
**Nº Rexistro: 17734**  
Data envío: 20/01/2025 10:22:35.848

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Como vai o Goberno galego dar resposta á ausencia de prazas de atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista na comarca de Pontevedra?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 20/01/2025 10:19:44**

**Silvia Longueira Castro na data 20/01/2025 10:19:51**

**Elena Espinosa Mangana na data 20/01/2025 10:20:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o impulso de medidas de conservación, dinamización e visibilidade pública dos murais de Urbano Lugrís da Rúa Olmos da Coruña..

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de marzo de 2024, despois de diferentes solicitudes do BNG nesta cámara dando traslado da reiterada demanda de colectivos socioculturais da Coruña como In nave civitas ou a Asociación O Mural, o goberno da Xunta incoou a declaración BIC na categoría de monumento para protexer o conxunto muralístico asinado polo pintor Urbano Lugrís que, desde hai anos, corren severo risco de desaparición ao estaren localizados no interior dun baixo comercial dun edificio en estado ruinoso.

En maio de 2024 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude fixo público o anuncio da compra destes murais de Urbano Lugrís situados nos números 25 e 27da Rúa Olmos da Coruña tras exercer o dereito de tanteo. O dereito de adquisición preferente que regula a Lei de patrimonio cultural facilitou que a Xunta puidese adquirir o conxunto muralístico lugrisiano para o patrimonio público ao igualar a oferta de 36.000 euros feita por un comprador particular.

O obxectivo desta adquisición é protexer e restaurar o conxunto muralístico para poñelo a disposición da cidadanía. Con este obxectivo, o Goberno galego anunciou que ía avaliar a posibilidade de trasladalos ao Museo de Belas Artes da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As razóns técnicas da incoación do expediente BIC para este conxunto muralístico lugrisiano residen na súa calidade e contexto artístico, polo que sorprende que a Xunta poida tomar a decisión unilateral de trasladar os murais a outro espazo diferente, isto é, desarraigalos do espazo onde o pintor os creou e onde estiveron décadas construíndo a memoria cultural colectiva da cidade da Coruña.

E aínda sorprende máis cando diferentes informes teñen recoñecido a importancia de conservalos “in situ” polo valor histórico e artístico do conxunto e mais porque están ligados no seu proceso creativo ao edificio e á zona.

A piques de se cumprir un ano da incoación do expediente BIC para os murais de Lutrís da rúa Olmos da Coruña, e á vista da continua degradación do edificio en ruínas que os acolle que segue a afectar á conservación dos murais, urxe definir un proxecto de futuro que poña en valor os murais ao tempo que respecte a xénese e composición do seu proceso creativo.

A proposta que social e tecnicamente semella ser a máis viábel é a de protexer e conservar os murais in situ para garantir a identidade da propia creación artística; economicamente tamén podería ser a máis favorábel facendo do lugar que ocupan na rúa Olmos da Coruña un Espazo Lutrís de acceso público e de dinamización cultural no centro da Coruña a partir da posta en valor da obra lugrisiana.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como está a supervisar a Xunta de Galiza a evolución do estado de conservación e as medidas de protección das pinturas murais de Lutrís na rúa Olmos da Coruña desde a incoación do expediente BIC en marzo de 2024?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que criterios seguiu a Xunta para anunciar que valoraba o traslado a outro lugar do conxunto muralístico de Urbano Lugrís situado no edificio da Rúa Olmos?
- Ten descartada a restauración e permanencia dos murais no baixo e entresollado do edificio para crear un Espazo Lugrís de acceso público e de dinamización cultural da cidade a partir da obra do autor?
- Dispón a Xunta dos informes técnicos solicitados preceptivos para a declaración BIC dos murais? A que institucións llos solicitaron?
- Cal valoran eses informes como a mellor ubicación para os murais de Lugrís da rúa Olmos? Restauralos e conservalos in situ ou trasladalos a outro espazo sen conexión creativa como ten anunciado a Xunta?
- Como propietaria dos murais, está a Xunta a se comunicar coa propiedade do edificio para coñecer a evolución do estado da rehabilitación deste atendendo ao delicado estado de conservación dos murais?
- Está a valorar a Xunta a opción de comprar o baixo que acolle esta obra muralística para o converter nun Espazo Lugrís de acceso público e de dinamización cultural no centro da Coruña a partir da posta en valor da obra lugrisiana?
- Valora o goberno da Xunta impulsar unha mesa de diálogo con outras administracións, como o Concello da Coruña e a Deputación da Coruña, para mercar o baixo da rúa Olmos da Coruña que contén os murais e crear nel o Espazo Lugrís como sede dun proxecto de dinamización cultural para A Coruña desde a posta en valor da obra do autor?
- Cando prevé o goberno poder declarar BIC definitivamente os murais de Lugrís da rúa Olmos da Coruña?
- Cando vai resolver a Xunta a localización definitiva dos murais para planificar o proceso de restauración e conservación?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2025 10:26:43**

**Daniel Castro García na data 20/01/2025 10:29:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao incumprimento por parte do goberno galego da lexislación en materia de violencia machista e do atraso na publicación da resolución.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero contempla distintas medidas entre as que salienta, no seu artigo 39, un instrumento económico para axudar ás vítimas na súa recuperación. Trátase dunha prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero que, ao longo dos anos, foi mellorada. Por exemplo, no ano 2016 reformouse a lei para que puidese ser solicitada a axuda durante todo o ano e mellorar a súa eficacia. Así mesmo, tamén se modificou recentemente para que quedase expresamente recollido que as vítimas de trata poderán acudir a esta axuda.

Así, a Xunta de Galiza, a través do departamento competente en materia de igualdade, debe garantir a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Conforme sinala a lei, a devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Xunta de Galiza regula esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a), Violencia física, b), Violencia psicolóxica, e f), Trata de mulleres e nenas.

Habitualmente a Xunta emite resolución no mes de decembro e publícase nos primeiros días do ano seguinte. Así, por exemplo, o martes 2 de xaneiro de 2024 publicábase Resolución do 14 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aprobaban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39. Na mesma liña, o ano anterior, o martes 3 de xaneiro de 2023 publicábase a RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2022; o martes 4 de xaneiro de 2022 publicábase a RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, etc.

Porén, neste ano 2025, aínda que foi acordada a continuidade dos fondos no Consello da Xunta do 27 de decembro, non se publicou esta resolución até o día 20 de xaneiro e o prazo permaneceu pechado máis de dúas semanas, o que supón un incumprimento da lei e un atranco para todas aquelas vítimas que precisaran solicitar a axuda. Trátase dunha situación e dunha incompetencia inadmisibles, máis aínda tendo en conta que nestes momentos o noso país contaba no peche de 2024 con 5.801 casos activos en VIOGEN e tivo 5 vítimas mortais no ano 2024, o que evidencia a intensidade da violencia machista e a necesidade de atender ás vítimas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Como xustifica o goberno galego a súa demora na publicación das axudas periódicas para as vítimas de violencia machista?

É consciente o goberno galego de que incumpriu a lexislación en materia de violencia machista?

Que responsabilidades políticas vai asumir por esta cuestión?

Que medidas vai tomar para que isto non volva acontecer?

Avaliou o goberno galego cantas mulleres puideron ser prexudicadas?

Que melloras vai impulsar o goberno galego no ámbito das axudas periódicas?

Vai rectificar e impulsar a súa revalorización co IPC?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2025 11:29:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2025 11:35:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Paulo Ríos Santomé**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para mellorar a seguridade viaria na AC115 ao seu paso polo Concello de Neda.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC115 ao seu paso polo Concello de Neda ten sido lugar de varios graves accidentes, algúns mesmo con resultado de morte, como o caso da muller atropelada no mes de xullo do pasado ano.

As medidas de seguridade viaria destacan pola súa ausencia nunha estrada que viu aumentar a densidade do seu tráfico, xa elevada, por causa das obras da Avenida das Pías na saída de Ferrol.

A estrada AC115 ao seu paso polo Concello de Neda carece de beirarrúas na súa marxe esquerda dirección Fene-Neda, e a da marxe dereita non é practicábel por causa do seu mal estado e do seu ancho reducido.

Non existen pasos de peóns suficientes, e combina zonas nas que o límite é de 70km/h con outras nas que o límite é de 50km/h, sen que se observe diferenza ningunha en canto á densidade de poboación ou de viandantes.

A estrada é especialmente perigosa na saída da autoestrada AP9, precisamente onde tivo lugar o último atropelo mortal. Este feito provocou que un grupo de veciños e veciñas da zona se dirixisen ao Concello de Neda reclamando melloras na seguridade





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

viaria e que o Concello, segundo ten informado ás persoas interesadas, trasladou á Xunta de Galiza como titular da estrada e polo tanto administración competente para adoptar as medidas solicitadas.

As demandas dos veciños e veciñas son as seguintes: Resaltes no pavimento nos pasos de peóns, semáforos de apertura por control de velocidade, limitar a velocidade a 30 km/h, mellora da iluminación e sinalización, sobre todo facendo un marcado das zonas de protección dos pasos de peóns e cruces con semáforos existentes, consonte coas leis de tráfico e seguridade viaria, e mellora da seguridade viaria no entronque do camiño do Regueiro coa propia AC-115.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- . Coñece a Xunta de Galiza as demandas dos veciños e veciñas de Neda relativas á mellora da seguridade viaria na estrada AC115?
- . Tivo algunha reunión a Xunta de Galiza con responsábeis do Concello de Neda para tratar de mellorar a seguridade viaria na estrada AC115?
- . Considera a Xunta de Galiza boa ou suficiente a seguridade viaria na estrada AC115 ?
- . Ten pensado facer algo a Xunta de Galiza para mellorar seguridade viaria na estrada AC115?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2025 12:02:31**

**José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2025 12:05:09**

**Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2025 12:05:35**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 13 de xaneiro, coñecemos o déficit de enfermeiras/os en España, que se arrastra desde hai décadas que nos sitúa en 100.000 profesionais. Si temos en conta o número de profesionais por cada 1.000 habitantes, encontramos que a media en España en 6,5 profesionais por cada 1.000 habitantes, mentres que nos países da Unión Europea esta proporción situase en 8,5 enfermeiras/os por cada 1.000 habitantes.

Ademais, as diferenzas entre CC.AA é considerable. Da mesma forma tamén existen diferenzas entre as provincias de Galicia.

Si facemos unha revisión destes datos nas provincias galegas, vemos que só Lugo está por encima da media de España e o resto dos cocientes provinciais son realmente preocupantes. A Coruña ocupa o 37º lugar de todas as provincias e tampouco alcanza a media española con 5,68 enfermeiras por cada 1.000 habitantes, moi inferior as 6,5 profesionais de media no estado español e moi lonxe da media europea de 8,5.

É certo que se incorporaron enfermeiras/os pero non o fan ao ritmo para paliar o déficit. Da mesma forma que Galicia segue con déficit entre as enfermeiras que saen da nosa Comunidade Autónoma con respecto ás que entran. Neste contexto sabemos que de Galicia saíron no ano 2023 510 enfermeiras, e con todo só entraron 156. De aí que o déficit autonómico claro.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/01/2025 12:24:59  
**Nº Rexistro: 17774**  
Data envío: 20/01/2025 12:24:59.523

Pero non é a primeira vez que coñecemos o déficit, xa o Colexio Xeral de Enfermería denunciáralo, do mesmo xeito que os sindicatos. No primeiro caso, cifraba o déficit para Galicia en 10.000 profesionais.

A realidade é que todos estes números lévannos a unha dura realidade: Galicia sitúase como a penúltima Comunidade Autónoma en cocientes de enfermeiras. E Coruña, tal e como indicamos non está ben colocada no “ranking” das provincias en España. É un problema máis que engádese á falta de médicos en atención primaria ou de pediatras.

Pero preocúpannos tamén as mensaxes que está a transmitir a Xunta de Galicia como pode ser o flexibilizar as normas para 2025 para poder incorporar ao Sergas a diplomados procedentes de países que non forman parte da Unión Europea e nada se di con respecto a salvagardar a profesión pero sobre todo a seguridade para o paciente.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten algún plan a Xunta de Galicia para incrementar o número de enfermeiras/os na Coruña, para alcanzar, a curto prazo, polo menos a media española?

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 20/01/2025 12:22:05**

**Elena Espinosa Mangana na data 20/01/2025 12:22:14**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

61845

@PSdeG



CSV: B0R0G-S7N0-g7t1aB0&0k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/01/2025 12:24:59**  
**Nº Rexistro: 17774**  
Data envío: 20/01/2025 12:24:59.523

**Silvia Longueira Castro na data 20/01/2025 12:22:23**

CSV: B0R0G.S7N0.g7t1AB0&6k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  **981.55.15.30**

61846

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade, tanto para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

Tampouco é de estrañar, cando coñecemos que Galicia sitúase á cola en gastos per cápita para Sanidade, xunto con educación e políticas sociais.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, pida dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes”.

Ninguén dubida do bo facer dos profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade se son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de inconvenientes por non poñer o que poida ser máis extremo por falta de atención sanitaria.





Ademais xera gran intranquilidade expresións como que o informe sobre listas de espera “era o esperable”, como trasladando certa conformidade.

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora converteuse nun gran problema, xerando queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas no Hospital público da Mariña?
2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para probas diagnósticas na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, cando nalgúns casos o tempo de espera é case dun ano?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/01/2025 12:49:37  
**Nº Rexistro: 17778**  
Data envío: 20/01/2025 12:49:37.079

**Lara Méndez López na data 20/01/2025 12:45:53**

**Elena Espinosa Mangana na data 20/01/2025 12:46:03**

**Silvia Longueira Castro na data 20/01/2025 12:46:11**

CSV: B0R0G3g0Z7H7W30k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

61849

@PSdeG





## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Desde as orixes da humanidade, a forma de preservar e transmitir a cultura foi un tema de gran importancia para todas as sociedades. O libro foi ao longo dos séculos testemuño de crenzas, coñecementos e emocións, que, grazas ao seu soporte, se mantiveron vivas de xeración en xeración, a pesar do inevitable paso do tempo.

O sector do libro galego é hoxe un dos grandes piares da nosa cultura, e así o demostran os datos máis recentes sobre as prácticas culturais, os cales sitúan o hábito lector por riba dun 60%.

Así, cómpre salientar que neste eido o Goberno galego ten a competencia para o desenvolvemento de accións centradas en seguir cultivando o hábito lector no conxunto da sociedade, en impulsar a súa industria ou en reforzar a súa difusión.

As feiras do libro, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou os recentes premios nacionais que diversos autores teñen recibido, son só algúns dos resultados máis visibles do traballo que o Goberno galego realiza no relativo ao sector do libro galego.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





- Cales son as principais liñas de traballo do Goberno galego para o desenvolvemento e a promoción do sector do libro galego?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 20/01/2025 11:40:24**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2025 11:40:47**

**Julio García Comesaña na data 20/01/2025 11:41:07**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/01/2025 11:41:42**

**Víctor Baladrón Lamas na data 20/01/2025 11:41:55**

**Patricia García González na data 20/01/2025 11:42:30**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/01/2025 11:42:50**

**Raúl Santamaría González na data 20/01/2025 11:43:22**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 11:43:52**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación de falta de persoal médico no PAC do centro de saúde de Noia e as consecuencias para os e as pacientes do mesmo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia os centos de anuncios e a propaganda do Partido Popular, o certo é que a sanidade pública de Galiza está en estado de emerxencia como consecuencia dos recortes, a redución de orzamentos, a infradotación de persoal, de materiais e de investimentos.

Dentro deste deterioro xeralizado, a Atención Primaria está a ser unha das principais damnificadas polas nefastas políticas da Consellaría de Sanidade e os recortes nas dotacións do persoal médico sucédense por todo o país.

Non se trata de “casos puntuais” como adoita desculpase a Consellaría diante de calquera denuncia. Son as consecuencias de decisións que trouxeron á Atención Primaria a un deterioro estrutural diante do que a Xunta de Galiza non actúa.

E a esta situación xeralizada, súmase agora o PAC do centro de saúde Noia que xa no mes de decembro foi advertido de cambios nas quendas de persoal facultativo os domingos e festivos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este PAC vén desenvolvendo a súa actividade os días laborábeis entre as 15,00 e as 08,00 hs. e as 24 horas os domingos e festivos, días nos que viña habendo un reforzo médico de 08,00 a 22,00 hs., que agora vénse de prescindir del.

A poboación cuberta polo PAC de Noia é a pertencente aos concellos de Noia, Lousame, Outes e parte de Porto do Son, onde xa se suprimirá na pandemia o servizo de urxencias que atendía a ese concello os sábados, domingos e festivos.

Resulta evidente que, con este novo recorte de persoal no PAC de Noia, a calidade asistencial da poboación en toda a comarca vaise ver afectada cando xa a eliminación de cada vez máis servizos sanitarios públicos está a ter importantes consecuencias.

Tal é así que tampouco a dotación de ambulancias para estes concellos vén sendo suficiente, contando cunha soa dispoñíbel con base en Noia para todos eles, agás nos puntos do concello de Porto do Son máis próximos a Ribeira, e medicalizándose nas urxencias graves co persoal do propio PAC de Noia o que ten como consecuencia a diminución do persoal sanitario no PAC se se mobiliza para as emerxencias

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Vai repoñer de inmediato o reforzo do terceiro facultativo do PAC de Noia? De non ser así, por que motivo?

. Considera que se pode dar unha atención acaída e de calidade aos e ás pacientes de toda a comarca co número de profesionais actuais? De non ser así, que actuacións vai desenvolver a curto prazo para corrixilo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Como cre que lles está a repercutir aos e ás profesionais que están a levar a cabo o seu traballo no PAC de Noia a sobrecarga que agora soportan?

. Considera que nestas circunstancias os e as pacientes están a recibir a calidade asistencial que lles corresponde?

. Que consecuencias cre que se están a derivar desta situación no propio PAC e nas urxencias hospitalarias do Hospital do Barbanza e do CHUS?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2025 13:33:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2025 13:35:56**



## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

As feiras do libro xurdiron en España a raíz da instauración do Día do Libro o 7 de outubro como festa cultural, mediante Real Decreto do rei Alfonso XIII, que máis adiante mudaría á actual, o 23 de abril.

En Galicia, a primeira feira do libro celebrouse en 1933 en Vigo, baixo o nome de *Feira do libro portugués*, organizado no marco da Semana Portuguesa, programada ese ano na cidade olímpica.

Estas feiras deixarían de celebrarse durante os anos da Guerra Civil, non volvendo a Galicia ata 1940, coa Feira do Libro de Ferrol, na que se vendían libros doados por librarías e particulares.

Dende 2012, as feiras do libro en Galicia lévanse a cabo mediante a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación de Librarías de Galicia, dando lugar a eventos que non só destacan pola oferta literaria senón tamén pola variedade de actividades que ofrecen.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- 

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

qp-pp@parlamentodegalicia.gal



**@gppgalicia**



**@GrupoPopularGal**





- Que balance fai o Goberno galego sobre o apoio ao libro a través das feiras celebradas en Galicia e internacionais?
- Que obxectivos persegue a Xunta de Galicia coa súa participación nas feiras internacionais?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 20/01/2025 13:39:53**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2025 13:40:08**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/01/2025 13:40:39**

**Víctor Baladrón Lamas na data 20/01/2025 13:40:50**

**Julio García Comesaña na data 20/01/2025 13:41:01**

**Patricia García González na data 20/01/2025 13:41:18**

**María Felisa Rodriguez Carrera na data 20/01/2025 13:41:29**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 13:41:36**

**Raúl Santamaría González na data 20/01/2025 13:41:44**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**@gppgalicia**



**@GrupoPopularGal**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación insostíbel de falta de persoal nos centros de saúde do concello de Ribeira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de marzo comezaba unha nova lexislatura e en abril o sr. Rueda era investido como presidente da Xunta de Galiza, prometendo reforzar a sanidade pública.

Xa naquela altura os veciños e veciñas do concello de Ribeira viñan facendo evidente o seu malestar pola caótica situación sanitaria que estaban a sufrir e que levan anos arrastrando. Despois de dez meses, aquela situación non fixo máis que empeorar e o reforzo prometido polo presidente do Goberno galego non só non chegou, senón que amosa cada vez maiores eivas e está a ter tamén maiores consecuencias na saúde da cidadanía de Ribeira.

A falta de persoal médico é insostíbel e, moi lonxe de se mellorar, hoxe seguimos a ter un centro de saúde en Ribeira con máis de 18.500 pacientes maiores de 15 anos con tan só dez médicos para a súa atención cando deberían ser quince.

No caso do centro de saúde da parroquia de Aguiño, onde os veciños e veciñas veñen mobilizándose dende o mes de outubro, a Consellaría non foi aínda quen sequera de cubrir de xeito permanente ningunha das dúas prazas de persoal médico que ten o centro.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A única acción que foi capaz de levar a cabo a Consellaría dende outubro, foi desprazar a Aguiño un facultativo/a para cubrir dous cupos de case 1.800 persoas dende o centro de saúde de Ribeira, deixando aínda máis en precario a situación na cidade, con cinco cupos sen cubrir que están a asumir o resto do persoal médico.

Ademais, as expectativas que se presentan para este ano tampouco fan pensar nunha melloría, xa que se prevén tres xubilacións de cara ao final do verán que, de non remediarse, deixarían ao centro de saúde de Ribeira nunhas circunstancias inasumíbeis para facer fronte á atención da súa poboación.

É, pois, moita hora de atender a emerxencia que vive a sanidade pública no concello de Ribeira, a sobrecarga asistencial á que están sometidos os seus e as súas profesionais, con cupos moi por enriba do establecido e as consecuencias de listas de agarda cada vez maiores e de deterioro continuado da calidade asistencial das persoas doentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Vai repoñer de inmediato as ausencias dos e das profesionais médicos, nomeadamente as prolongadas, do centro de saúde de Ribeira? De non ser así, por que motivo?

. Vai cubrir de xeito permanente as dúas prazas de persoal médico do centro de saúde de Aguiño?

. Considera que se pode dar unha atención acaída e de calidade aos e ás pacientes co número medio de profesionais actuais? De non ser así, que actuacións vai desenvolver a curto prazo para corrixilo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Como considera que incide a situación límite dende hai anos dos centros de saúde do concello de Ribeira á hora de que os profesionais opten por escollelos como centro de traballo?

. Como cre que lles está a repercutir aos e ás profesionais que están a levar a cabo alí o seu traballo a inmensa sobrecarga que veñen soportando?

. Considera que nestas circunstancias os e as pacientes están a recibir a calidade asistencial que lles corresponde?

. Que consecuencias cre que se están a derivar desta situación no propio PAC e nas urxencias hospitalarias do Hospital do Barbanza?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2025 13:45:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2025 13:47:57**





## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar, na súa reunión do 28 de outubro de 2024, a integración do Museo do Videoxogo de Galicia no sistema galego de centros museísticos.

Este centro, localizado en Cangas do Morrazo, foi creado en 2020 pola Fundación Museo do Videoxogo de Galicia e desde os seus inicios reivindicou a figura do videoxogo como unha forma de cultura e de comunicación artística.

Con esta integración, o sistema galego de centros museísticos conta xa con 69 museos, aos que se suman 20 coleccións museográficas. Ademais, o Goberno galego ten manifestado publicamente que outras entidades xa mostraron o seu interese por integrarse neste sistema.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, realizan a seguinte pregunta oral oral:

- Que beneficios achega a integración no sistema galego de centros museísticos?
- Que papel xogan os museos dentro do ecosistema cultural galego?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 20/01/2025 13:57:37**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2025 13:57:50**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 13:58:07**

**Víctor Baladrón Lamas na data 20/01/2025 13:58:17**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/01/2025 13:58:28**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/01/2025 13:58:45**

**Raúl Santamaría González na data 20/01/2025 13:58:52**

**Julio García Comesaña na data 20/01/2025 13:59:05**

**Patricia García González na data 20/01/2025 13:59:18**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Galicia ten a sorte de contar cun rico e variado patrimonio cultural espallado por todo o territorio no que actualmente figuran máis de 700 elementos declarados como Ben de Interese Cultural.

Isto inclúe edificacións como mosteiros, igrexas, pazos, castelos, torres, castros ou xacementos e tamén elementos como moedas antigas, libros, tallas e mesmo un microscopio.

Así pois, a través da arqueoloxía, cada día podemos desfrutar dun patrimonio máis amplo grazas ao mellor coñecemento das civilizacións que nos precederon e das súas culturas, a través da investigación dos restos materiais de cada época.

Neste senso, a Xunta impulsou o Plan de Arqueoloxía de Galicia, co que xa se levaron a cabo algunhas actuacións máis que recoñecidas e no que, segundo as últimas informacións aportadas polo executivo, se segue traballando.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta oral:

- Que actuacións está a levar a cabo a Xunta ao abeiro do Plan de Arqueoloxía de Galicia?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- Que balance fai o Goberno galego das actuacións xa finalizadas?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 20/01/2025 17:05:03**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2025 17:05:19**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/01/2025 17:05:34**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 17:05:43**

**Víctor Baladrón Lamas na data 20/01/2025 17:05:50**

**Raúl Santamaría González na data 20/01/2025 17:06:00**

**Julio García Comesaña na data 20/01/2025 17:06:14**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/01/2025 17:06:31**

**Patricia García González na data 20/01/2025 17:06:37**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A lingua azul é unha enfermidade vírica non contaxiosa que afecta ós ruminantes domésticos e salvaxes. Transmítese a través da picadura de varias especies de mosquitos.

A gravidade da enfermidade varía moito segundo a cepa do virus e a especie afectada. As ovellas son as máis sensibles á enfermidade, aínda que determinadas cepas provocan síntomas no gando bovino. As cabras son moi pouco sensible a este virus.

A lingua azul afectou a Galicia por primeira vez en 2008, cando se detectaron focos do serotipo 8, que se desprazou desde a súa zona inicial de detección nos Países Baixos cara a Francia e España entre outros países, e sobre todo do serotipo 1, procedente do sur de España. Logo da campaña de vacinación levada a cabo no período 2008-2010 conseguíuse o control e erradicación da enfermidade e a recuperación para Galicia do estatuto de zona libre de lingua azul.

Posteriormente, como consecuencia da diseminación do serotipo 4 nos últimos anos en Portugal e no sur e no oeste de España, en febreiro de 2023 detectouse a presenza desta cepa en explotacións bovinas das provincias de Ourense e Pontevedra. Estas dúas provincias e as comarcas veterinarias de Chantada, Sarria e Terra de Lemos-Quiroga da provincia de Lugo, foron catalogadas como zonas restrinxidas fronte o serotipo 4 da lingua azul, polo que a vacinación pasou a ser obrigatoria nelas.

Así mesmo, en novembro de 2023 detectáronse varios focos deste mesmo serotipo en explotacións bovinas da provincia da Coruña, polo que toda Galicia pasou a ser

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





considera zona restrinxida desta enfermidade, con obriga de vacinación en toda a Comunidade Autónoma.

Con obxecto de apoiar ó sector gandeiro, a Xunta de Galicia estableceu un sistema público de vacinación de balde. Co fin de incrementar a intensidade das vacunacións, tamén se habilitou a posibilidade de que o persoal veterinario privado ou o das Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira AD SG puidese vacinar o gando das explotacións (nestes casos a Xunta de Galicia facilitou gratuitamente a vacina).

Tal como se publicou nalgúns medios de comunicación e manifestou a propia Xunta de Galicia, o Comité de Alerta Sanitaria Veterinaria, integrado polo MAPA e as Comunidades Autónomas, ante a situación da lingua azul en España, decidiu a principios do mes de xaneiro deste ano modificar a estratexia para abordar esta enfermidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta as seguintes preguntas para resposta oral:

1. En que sentido se modificou a estratexia para abordar a lingua azul en España?
2. Cales foron os motivos para modificar esta estratexia a nivel nacional?
3. Que repercusións ten a nova estratexia para os movementos de animais?
4. Considera axeitada a Xunta de Galicia esta nova estratexia?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 20/01/2025 17:45:08**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 17:45:19**

**Ángel Rodríguez Conde na data 20/01/2025 17:45:38**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/01/2025 17:45:46**

**Nicole Grueira Fernández na data 20/01/2025 17:45:59**

**Cristina Campero Dorado na data 20/01/2025 17:46:09**

**José Mato Díaz na data 20/01/2025 17:46:18**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 20/01/2025 17:46:34**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 20/01/2025 17:47:03**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE) é unha enfermidade vírica que se transmite a través da picadura de distintas especies de mosquitos. Esta enfermidade afecta a ruminantes domésticos e silvestres – especialmente a bovinos e cérvidos – pero non afecta ás persoas.

En Galicia os primeiros casos da enfermidade detectáronse a finais de 2023. Ese ano houbo máis de 600 explotacións galegas afectadas, principalmente nas provincias da Coruña e Lugo.

Logo varios meses libres de mosquitos transmisores, a enfermidade reapareceu na nosa Comunidade en xuño de 2024, na Comarca de Verín. Posteriormente estendeuse pola maioría das comarcas desta provincia, e máis tarde polo resto de Galicia.

A enfermidade provocou importantes perdas económicas nas explotacións de vacún, por mor dos tratamentos veterinarios, das mortes de animais e dos tratamentos desinsectantes contra os mosquitos transmisores. Estas perdas poñen en perigo a viabilidade económica das explotacións afectadas.

A Consellería do Medio Rural compensou inicialmente estas perdas a través da Orde do 13 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, e se convocan para o ano 2024. Sen embargo, os importes desta orde, fixados polo MAPA, foron insuficientes para os afectados. Así mesmo, houbo novas explotacións afectadas que non puideron acollerse a esa convocatoria.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





Trala publicación do Real decreto 961/2024, que establece as bases reguladoras para conceder subvencións directas para compensar os prexuízos da EHE, e a correspondente Conferencia Sectorial de reparto dos fondos dispoñibles, a Xunta de Galicia acaba de publicar no DOG do 27 de xaneiro unha Resolución a través da cal se articulan axudas directas para as persoas titulares das explotacións bovinas afectadas pola EHE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta as seguintes preguntas para resposta oral:

1. Que fin persiguen estas axudas?
2. Que liñas de axudas se estableceron para as explotacións galegas afectadas pola EHE?
3. Como se determinaron as persoas beneficiarias destas axudas?
4. Que procedemento se determinou para tramitar estas axudas?
5. Cantas explotacións se beneficiaron destas axudas, e con que importe total?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 20/01/2025 17:52:59**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/01/2025 17:53:09**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 17:53:18**

**Ángel Rodríguez Conde na data 20/01/2025 17:53:27**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Juan Manuel Casares Gándara na data 20/01/2025 17:53:35**

**Cristina Campero Dorado na data 20/01/2025 17:53:48**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 20/01/2025 17:53:58**

**José Mato Díaz na data 20/01/2025 17:54:15**

**Nicole Grueira Fernández na data 20/01/2025 17:54:29**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





## Á Mesa do Parlamento

**Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Protexida Ribeira Sacra e Ribeiro solicitan acollerse á medida de colleita en verde habida conta dos excedentes de viño, especialmente o tinto, provocados pola caída de consumo do viño tinto a nivel global e os efectos a pandemia. Solicitou, ademais, reducir a produción por hectárea, nas variedades tintas, de 9.500 a 7.500 quilos. Ambas iniciativas teñen por obxecto prepararse de cara a próxima colleita nunha aposta pola calidade fronte ao rendemento.

A colleita en verde é unha medida extraordinaria especialmente efectiva xa que é a única actuación que elimina materia prima do mercado antes mesmo da súa transformación a viño. Este instrumento trata de evitar os efectos indesexables dunha potencial sobre oferta de uva o seguinte outono que lastrase as rendas dos viticultores das nosas rexións produtoras.

Para autorizar estas medidas a Xunta de Galicia deberá formalizar unha solicitude diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a quen corresponde a autorización final e o orzamento destinados ás axudas correspondentes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que valoración fai o Goberno galego logo de formalizar a solicitude de colleita en verde que demandan os Consellos Reguladores da Ribeira Sacra e Ribeiro

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Juan Manuel Casares Gándara na data 20/01/2025 18:15:14**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 20/01/2025 18:15:24**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/01/2025 18:15:31**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 20/01/2025 18:15:37**

**Ángel Rodríguez Conde na data 20/01/2025 18:15:45**

**Nicole Grueira Fernández na data 20/01/2025 18:15:53**

**Cristina Campero Dorado na data 20/01/2025 18:16:04**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 20/01/2025 18:16:19**

**José Mato Díaz na data 20/01/2025 18:16:28**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Cristina Fernández Davila**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o estado do CEIP San Ramón do Concello de Moeche.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP San Ramón do Concello de Moeche leva máis de 10 anos nunha situación que daría vergoña a calquera goberno, mais non á Xunta do Partido Popular, que fai bandeira dos recortes no ensino público e especialmente nos concellos e nas parroquias rurais.

Ao longo de todos estes anos o estado do centro de ensino ten sido obxecto de preocupación para o Concello e mesmo para o Grupo Parlamentar do BNG, que ano tras ano ven realizando emendas aos orzamentos da Xunta para que se inclúan as necesarias consignacións económicas para atender as urxentes necesidades do centro de ensino.

A desatención da Xunta e os votos en contra das nosas emendas por parte do Partido Popular non fan máis que aumentar o estado de deterioro do CEIP San Ramón, sobre todo da cuberta.

Outras necesidades do centro son mellorar o illamento, eliminar o burato do rocho polo que entraba auga (so se tapiou a entrada), o pintado exterior do edificio, ou a construción dunha cuberta no exterior na que as nenas e nenos puidesen agardar polas mañás os días de choiva, peticións que polo de agora non foron atendidas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde o BNG queremos salientar que a matrícula no colexio mantense desde hai varios anos, e sobre todo queremos chamar a atención sobre a importancia de contar con un ensino de calidade, con centros en perfectas condicións e que ofrezan todos os servizos para manter a poboación no rural.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do mal estado do CEIP San Ramón de Moeche?

. Por que a Xunta de Galiza desatende as demandas do Concello?

. Ten pensado a Xunta de Galiza realizar as obras necesarias no CEIP San Ramón de Moeche?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Cristina Fernández Davila**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2025 19:16:39**

**José Manuel Golpe Acuña na data 20/01/2025 19:18:17**

**Cristina Fernández Davila na data 20/01/2025 19:18:36**





## A Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Muralla de Lugo é un monumento propiedade da Xunta de Galicia que xestiona a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), segundo o que establece a Real Orde do 16.04.1921 (GAC do 23.04.1921).

As súas características fan dela un monumento senlleiro e único, integrante do patrimonio cultural de Galicia e incorporado pola Unesco ao listado do patrimonio mundial. Tamén é un ben público incorporado ao ambiente e espazo urbano da cidade de Lugo non só polo seu valor cultural, senón como espazo significativo da cidade e de uso cotián dos seus habitantes.

Na mesma, a Xunta de Galicia leva a cabo intervencións traballos de conservación e mantemento, que atenden, entre outros, á limpeza da vexetación do adarve e dos lenzos (interior e exterior).

Por iso, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan as seguintes preguntas:

- Que traballos leva a cabo a Xunta de Galicia en relación coa conservación e o mantemento da Muralla de Lugo?
- Que balance fai o Goberno galego dos investimentos realizados neste monumento nos últimos anos?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Candia López na data 21/01/2025 10:19:09**

**Carmen Pomar Tojo na data 21/01/2025 10:19:34**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 21/01/2025 10:19:48**

**José Luis Ferro Iglesias na data 21/01/2025 10:19:59**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:20:07**

**Julio García Comesaña na data 21/01/2025 10:20:17**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:20:28**

**Patricia García González na data 21/01/2025 10:20:37**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/01/2025 10:20:53**

**Raúl Santamaría González na data 21/01/2025 10:20:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Rede de Bibliotecas de Galicia é unha rede colaborativa da que forman parte a gran maioría das bibliotecas públicas galegas, adoptando uns servizos e unhas políticas bibliotecarias comúns. Seguindo este criterio de uniformidade, esta Rede foi creada para desenvolver e planificar a oferta bibliotecaria pública de todo o país.

De acordo con isto, as bibliotecas integradas na Rede comparten un catálogo único e prestan servizos indistintamente a calquera persoa que dispoña do carné de biblioteca dunha das bibliotecas que forman parte dela.

A dirección e coordinación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é responsabilidade da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que balance fai o Goberno galego do traballo desenvolvido pola Rede de Bibliotecas de Galicia?
- Como evolucionou nos últimos anos o impacto da Rede na sociedade galega ?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 21/01/2025 10:50:55**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 21/01/2025 10:51:12**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:51:27**

**José Luis Ferro Iglesias na data 21/01/2025 10:51:36**

**Raúl Santamaría González na data 21/01/2025 10:51:47**

**Julio García Comesaña na data 21/01/2025 10:51:57**

**Patricia García González na data 21/01/2025 10:52:20**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/01/2025 10:52:37**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:52:43**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Victor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Dentro do patrimonio natural e cultural galego, as illas de San Simón e de Santo Antón constitúen un excepcional enclave cunha forte carga simbólica colectiva vinculada cos seus diversos papeis ao longo da historia: idílica referencia literaria da poesía medieval, testemuña de traxedias e avatares marítimos, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos, cárcere do réxime ditatorial franquista...

Hoxe, a illa de San Simón é un espazo público de especial valor para o desenvolvemento cultural de Galicia, nun contorno de gran valor patrimonial e ambiental, polo que en 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, formando tamén parte, a illa e a súa enseada, da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido.

Ao longo do ano, a Illa recibe visitantes e acolle o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades formativas, de investigación e de lecer como poden ser as residencias literarias, o campamento Fiddle ou o Festival Sinsal.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, encárgase da xestión e de fixar as normas para visitar ou realizar actividades nas illas.





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

- Que balance fai a Xunta de Galicia da programación cultural da Illa de San Simón?
- Como se están a xestionar as visitas e as actividades na Illa?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 21/01/2025 11:00:45**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 21/01/2025 11:01:08**

**José Luis Ferro Iglesias na data 21/01/2025 11:01:19**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 11:01:27**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 11:01:36**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/01/2025 11:01:56**

**Raúl Santamaría González na data 21/01/2025 11:02:03**

**Julio García Comesaña na data 21/01/2025 11:02:13**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Patricia García González na data 21/01/2025 11:02:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B0R0G570G9B1W59X6k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Na situación actual, todas as actividades públicas ou privadas, deben ser desenvolvidas por equipos multidisciplinares que inclúen perfiles profesionais e competencias diversos, que coordinan perfís técnicos con outros perfís que incluían competencias sociais, tecnolóxicos, económicos ou de saúde. A transversalidade dos equipos de traballo son neste momento imprescindible.

Os servizos públicos non poden quedar alleos a esta situación, así no Servizo de Saúde, o Sergas está incorporando perfís que non son especificamente relacionados con sanitarios/asistencias, así incorporan psicólogos, terapeutas ocupacionais, educadores sociais, especialistas en xestión documental, informáticos, incluso recentemente a incorporación da enxeñería biomédica para facer fronte ás necesidade tecnolóxicas cada vez maior no ámbito de diagnose e asistencia cada vez maior.

A Educación non pode quedar fóra desta necesaria tendencia de modernización do noso servizo educativo coa incorporación aos centros distintos perfís profesionais.

O perfil e características actuais do estudantado, e da sociedade, precisa que nos centros, ademais do persoal educativo, precisa profesionais especialistas en pedagogía, en linguaxe, coidadores xa están incorporados aos centros, aínda que de forma insuficiente. Algunhas destas figuras eran necesarias pero a pandemia producida pola COVID-19 e o agravamento dos problemas de





saúde mental e distintas situacións producidas polo uso das redes sociais e novas formas de relacións, fai imprescindible a incorporación de novos perfís ata agora non presentes.

Un deses perfís a incorporar aos centros educativos é a Enfermería Escolar. A enfermeira escolar sería a responsable sanitaria do centro educativo, levando a cabo controis de saúde e actuacións de emerxencia, garantindo a saúde e seguridade dos escolares, e diminuír tanto os problemas de absentismo escolar derivados de patoloxías coma o colapso dos centros de saúde. Ademais, sería responsable de implementar programas de educación para a saúde no ámbito escolar mediante programas de primeiros auxilios, saúde dental, saúde mental, etc. adecuadas á idade do alumnado.

Ademais, poden actuar fronte a emerxencias, controlar aos escolares con patoloxías previas (tales coma diabetes, TCA, crises comiciais..) e actuar fronte a accidentes propios do entorno escolar, para os que o profesorado non ten competencias nin formación necesarias; aínda que exista botiquín nos centros escolares, o profesorado non está autorizado a actuar sobre a saúde do neno, o que implica que a actuación atrasase.

Este servizo non é novo en Galicia: 29 escolas de Galicia, pero todos son de xestión privada sendo unha situación de desigualdade respecto dos centros públicos.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cree necesaria a Xunta de Galicia a participación de especialista de Enfermería Escolar nos centros educativos públicos de Galicia?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2025 11:45:44**  
**Nº Rexistro: 17882**  
Data envío: 21/01/2025 11:45:44.057

Santiago de Compostela, a 21 de xaneiro do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 21/01/2025 11:42:49**

**Silvia Longueira Castro na data 21/01/2025 11:42:59**

**Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2025 11:43:10**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  **981.55.15.30**

61884

@PSdeG



CSV: BG9BQ\$7M6yZkA9&ok-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

**Nicole Grueira Fernández, Enrique Barreiro Sánchez, Encarna Amigo Díaz, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel Viso Diéguez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

As razas autóctonas galegas son un alicerce clave para o desenvolvemento sostible do rural e a preservación do noso patrimonio cultural e natural. Perfectamente adaptadas ao territorio, contribúen á biodiversidade, á sostenibilidade dos ecosistemas e á economía rural mediante produtos de alta calidade e sistemas de produción eficientes e respectuosos co medio ambiente.

A Xunta de Galicia, consciente da súa importancia, impulsou unha liña de axudas de 220.000 euros destinada a organizacións e asociacións de criadores para o fomento das razas autóctonas. Estas axudas buscan modernizar o sector primario, mellorar a rendibilidade das explotacións, protexer o noso patrimonio xenético e cultural e manter o rural de Galicia vivo e dinámico.

En definitiva, investir nas razas autóctonas é garantir a continuidade dun recurso único que fortalece o rural galego, protexe a súa biodiversidade e asegura o seu futuro.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que balance fai o Goberno galego sobre a convocatoria da liña de axudas destinadas a fomentar as razas autóctonas en Galicia?
- 2.- Cales foron os datos de beneficiarios?



3.- Como beneficia ao sector primario?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 11:46:01**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 21/01/2025 11:46:15**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 11:46:31**

**Cristina Campero Dorado na data 21/01/2025 11:46:38**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 21/01/2025 11:46:48**

**José Mato Díaz na data 21/01/2025 11:46:58**

**Ángel Rodríguez Conde na data 21/01/2025 11:47:15**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 11:47:25**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 21/01/2025 11:47:33**



## A Mesa do Parlamento

**Noelia Pérez López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

As actividades de conservación e acondicionamento do firme nas vías autonómicas son unha prioridade para a Consellería de Planificación de Infraestruturas co obxecto de garantir a circulación en condicións adecuadas de seguridade e fluidez nas catro provincias galegas.

En contraposición coa falta de mantemento das estradas estatais en Galicia a pesar de que moitas precisan dunha intervención urxente, cada ano, o goberno galego destina nos seus orzamentos unha importante partida para levar a cabo o plan de reforzo de firmes e conservación das estradas da súa titularidade.

Concretamente na provincia de Ourense son numerosas as actuacións levadas a cabo nos últimos anos. Podemos nomear a renovación do firme da autovía AG-53 entre Dozón e San Cristovo de Cea, máis recentemente tamén o treito comprendido entre o enlace de Cea e a súa conexión coa con autopista das Rías Baixas, a A-52, , pero tamén actuacións na OU-193, OU-801 en Cortegada, na OU-536 , na 412, etc, que benefician á veciñanza de moitos termos municipais que contan cunha estrada máis segura e cómoda.



Tamén a OU-101 que une Ourense con Maceda viu reforzado o seu firme, e incluíu a mellora da seguridade viaria no primeiro quilómetro do treito urbano, no Concello de Ourense.

Unha actuación a que , tamén no termo municipal de Ourense, temos que sumar a Avenida de Zamora, os traballos na capa de rodaxe, nas beirarrúas e na sinalización da rúa do Progreso, as obras de maior intensidade levadas a cabo en Marcelo Macías, Otero Pedraio, na OU-105 en Seixalbo ou os quilómetros de sendas peonís que diron un pulo a mobilidade sostible na cidade executados en Ponte Sevilla, na Avenida de Ponferrada, A Rabaza, en Valdorregueiro e actuando nestes momentos sobre o gran eixe de mobilidade que se está conformando entre a Estación Intermodal e Expourense a través da Avenida das Caldas e o paseo do río Barbaña.

En relación con isto no pasado mes de agosto tiñamos coñecemento de que o goberno galego iniciaba a redacción do proxecto de conservación en trece quilómetros de travesías de titularidade autonómica no núcleo urbano de Ourense.

O delegado territorial, nunha intervención aos medios de comunicación, indicaba que estábanse a definir actuacións para a rehabilitación do firme de distintas rúas titularidade da Xunta de Galicia na cidade, con especial intensidade na OU-413, que se corresponde coa estrada de subida ao Seminario.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Que previsións ten o Goberno galego para actuar neste ano 2025 nas travesías de titularidade autonómica que discurren pola cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 11:39:20**

**Cristina Campero Dorado na data 21/01/2025 11:39:35**

**María Deza Martínez na data 21/01/2025 11:39:48**

**José Luis Ferro Iglesias na data 21/01/2025 11:40:00**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 21/01/2025 11:40:11**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 11:40:24**

**Carmen Pomar Tojo na data 21/01/2025 11:40:36**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 21/01/2025 11:40:50**

**Gonzalo Trenor López na data 21/01/2025 11:41:03**



**Katherinie Varela Fernández na data 21/01/2025 11:41:17**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

CSV: B6R6G-570CZ6IA2AXok-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

**Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Na actualidade, o mercado laboral enfrota unha serie de desafíos que requiren unha reflexión profunda e unha acción decidida para mellorar a empregabilidade da cidadanía, a inclusión laboral dos colectivos máis vulnerables, a calidade do emprego, a seguridade e saúde laboral, así como as necesidades do noso tecido produtivo.

A evolución das condicións laborais e as novas dinámicas do mercado demandan unha adaptación rápida e eficaz das políticas públicas, das empresas e dos traballadores.

Un dos retos máis persistentes no mercado laboral é facer fronte ao desemprego. Se ben en Galicia os datos son mellores que na media do estado, hai segmentos da poboación que precisan seguir sendo apoiados, como os mozos e mozas, as mulleres ou as persoas con discapacidade, entre outras.

Tamén a fenda de xénero no mercado laboral, aínda que, neste caso, os datos de Galicia son mellores en canto á ocupación deste colectivo que a media de España, segue sendo unha das principais preocupacións a nivel mundial. As mulleres, a pesar dos seus logros en educación e profesionalización, seguen afrontando desigualdades en canto a salarios, oportunidades de crecemento, acceso a empregos de calidade, promoción da igualdade de xénero no ámbito laboral, converténdose nun desafío central para as políticas de emprego.

Paralelamente, a automatización e a dixitalización están cambiando o panorama do emprego. As tecnoloxías emerxentes, como a intelixencia artificial, a robótica e a dixitalización de procesos, están transformando sectores completos, xerando unha



disrupción nos empregos tradicionais e demandando novas habilidades. Isto implica a necesidade urxente de adaptar os sistemas educativos e de formación profesional ás esixencias do mercado laboral contemporáneo, proporcionándolle aos traballadores, ferramentas e coñecementos que lles permitan adaptarse a estas novas realidades e, así, mellorar a súa empregabilidade.

Da mesma maneira, a globalización e os cambios demográficos promoveron unha crecente mobilidade laboral, tanto dentro dos países como a nivel internacional. Un fenómeno que é clave para a Xunta de Galicia, que está a adoptar medidas para impulsar o retorno do talento galego como motor de emprendemento e relevo xeracional, polas oportunidades que presenta, pero que tamén conta con desafíos, como a necesidade de facilitar a integración de migrantes e traballadores desprazados, asegurando o respecto aos dereitos laborais e a integración social.

En resumo, a situación actual do mercado laboral presenta unha serie de retos. Para garantir a estabilidade e o desenvolvemento económico, é necesario implementar políticas que fomenten a creación de empregos de calidade, a inclusión social, a igualdade de xénero no eido laboral, a capacitación continua e tamén dar resposta ás necesidades das nosas empresas, pemes e autónomos.

Ante estes imperativos, o Goberno galego está a desenvolver, mediante un enfoque integral, políticas activas de emprego que contemplan e buscan dar solución, tanto ás necesidades dos empregadores para asegurar a súa competitividade como aos dereitos e necesidades da cidadanía galega, co fin de avanzar cara un mercado laboral máis xusto, equitativo e sostible.

En base ao anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego das medidas impulsadas nos últimos anos ao obxecto de dar resposta aos grandes retos do mercado laboral en Galicia?



Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:46:41**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:46:58**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:47:05**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:47:19**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:47:31**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:47:42**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:47:55**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:48:06**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:48:19**



## A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 19 de xuño de 2024, a Asemblea Xeral da ONU adoptou unha resolución na que proclamaba 2025 como o Ano Internacional das Cooperativas. Baixo o lema “As cooperativas constrúen un mundo mellor”, Nacións Unidas pretende poñer o foco no modelo cooperativo como solución fundamental a numerosos retos a nivel mundial, destacando a súa importancia para acelerar o traballo por alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible ( ODS) no ano 2030.

As cooperativas, con máis de 1.700 entidades, son un modelo firmemente consolidado na estrutura económica de Galicia. Representan un pilar fundamental na economía ou sector dos coidados, a educación, entre outros, e tamén para o asentamento da poboación no medio rural, onde actualmente se contabilizan máis de 200 cooperativas agroalimentarias en activo. Ademais, son esenciais dentro do modelo de Economía Social, que supón máis do 7% do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia e xera un impacto anual superior aos 850 millóns de euros.

Máis a súa contribución á actividade económica e ao emprego vai máis alá destas cifras.



Ademais da proximidade, o valor engadido e diferenciador dos seus produtos, o seu compromiso coa base social e coa comunidade, destacan pola estabilidade no emprego. En xeral, as cooperativas ofrecen maior estabilidade laboral respecto doutro tipo de organizacións e contribúen a crear emprego en segmentos da poboación activa con maiores dificultades de inserción laboral, como maiores de 55 anos, mulleres, persoas mozas, con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Neste contexto, o goberno galego leva anos impulsando o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da Economía Social e adoptando medidas para promover o cooperativismo como motor de crecemento sustentable de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o goberno galego das medidas, accións e programas postos en marcha para facilitar o emprendemento cooperativo na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025



**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:57:11**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:57:27**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:57:35**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:57:50**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:58:06**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:58:16**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:58:29**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:58:42**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:58:56**



## A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 20 de novembro de 2024 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) o Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, que aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Este regulamento entrará en vigor en maio de 2025.

Este novo Real Decreto deroga o Real Decreto 629/2022, de 26 de xullo, que introducira unha necesaria actualización da normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral. Entre os seus obxectivos destacábanse:

- Corrixir o desfasamento da normativa para cubrir as necesidades e desaxustes do mercado de traballo actual.
- Simplificar os procedementos administrativos que dificultaban ás empresas a contratación de persoas traballadoras por vías regulares.
- Introducir novas posibilidades, como as accións formativas de curta duración (microcredenciais) e o arraigo para a formación, que permitían ás persoas migrantes en situación irregular regularizar a súa situación a través da formación.

Ao abeiro desta normativa, a Xunta de Galicia desenvolveu tres proxectos piloto que lograron resultados notables: o 100% dos participantes obtiveron autorizacións de residencia e o 70% delas foron combinadas con autorizacións de traballo, cun impacto positivo no mercado laboral galego.



Con todo, o novo Real Decreto 1155/2024 elimina a vía das microcredenciais como unha opción para o arraigo a través da formación. Esta decisión ignora a realidade de moitas persoas en situación irregular que desexan traballar e as obriga a recorrer a autorizacións máis limitadas, como o arraigo laboral e social. Ademais, esta eliminación contradí a Recomendación do Consello de Europa do 16 de xuño de 2022, que subliña a importancia das microcredenciais para unha aprendizaxe permanente, máis flexible e adaptada ás necesidades das persoas.

Dita recomendación destaca, ademais, que as microcredenciais son unha ferramenta clave para promover a inclusión e a accesibilidade á formación, especialmente en colectivos como persoas migrantes e refuxiadas. Tamén se fai fincapé na necesidade de desenvolver estratexias que permitan integrar eficazmente estes grupos nos sistemas de educación, formación e emprego, dada a previsión de aumento de persoas refuxiadas e solicitantes de asilo.

A Xunta de Galicia, consciente da importancia da poboación migrante para abordar o reto demográfico e cubrir as vacantes laborais en sectores con escaseza de man de obra (como a agricultura, a construción ou a hostalería), presentou alegacións durante o trámite de información pública do proxecto deste Real Decreto. Estas alegacións, ignoradas polo Goberno de España, destacaban:

1. A necesidade de reducir a fenda entre as competencias adquiridas pola poboación migrante e as demandas do mercado laboral.
2. A importancia de axustar as ofertas formativas ás circunstancias vitais das persoas en situación irregular como unha vía para a súa regularización.
3. A urxencia de atender as demandas do tecido produtivo galego e os continuos cambios no mercado laboral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da decisión de eliminar no Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica



4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España a vía formativa das microcredenciais como unha das posibilidades do arraigo para a formación?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 11:15:08**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 11:15:25**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 11:15:33**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 11:15:44**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 11:15:55**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 11:16:06**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 11:16:19**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 11:16:32**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 11:16:48**



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Consello da Xunta ven de aprobar unha nova convocatoria da Tarxeta Benvida para o vindeiro ano á que destina 31,9 millóns de euros. Deste xeito, o Executivo autonómico consolida o apoio económico aos pais e nais que deciden ter un fillo.

Esta convocatoria contempla, ao igual que no 2024, a concesión da Tarxeta Benvida a mulleres embarazadas a partir da semana 21 da xestación, para que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento, xa que é un momento no que os pais xa adquiren produtos que necesitarán cando chegue o bebé, por exemplo un berce ou un dispositivo para poder levalo no coche. Concretamente, en 2024 un total de 3.270 mulleres embarazadas recibiron a tarxeta antes de nacer o neno.

Ademais, tamén se lle concede a tarxeta ás familias que acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade. O obxectivo desta medida é fomentar o acollemento familiar.

En 2025, a Xunta poñerá en marcha novas medidas para facilitar que as familias non teñan que realizar o trámite ordinario de solicitude da Tarxeta Benvida, polo que





**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:31:29**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:31:36**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:31:49**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:31:59**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:32:10**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:32:22**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:32:35**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:32:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Consello da Xunta ven de aprobar unha nova orde de axudas destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural, que inclúe un incremento de case un 5% da subvención que viñan percibindo as titulares destes pequenos centros de atención á primeira infancia que son totalmente gratuítos para as familias. O orzamento total da convocatoria ascende a 10,5 millóns de euros e poderán acollerse a ela aquelas casas que leven funcionando máis de tres anos.

Galicia ten na actualidade máis de 100 casas niño en servizo distribuídas por todo o territorio galego, entre as que suman máis de 500 prazas gratuítas para nenos de 0 a 3 anos. O obxectivo é dar continuidade a este recurso e seguir atendendo ás necesidades de conciliación da vida persoal e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas.



Cada casa niño atende un máximo de cinco nenos/as, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se esixe unha formación ou experiencia profesional específica e impóñense requisitos e normas de seguridade nos inmobles. Estes servizos ofrecen unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna e de luns a venres.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que vai a supor o aumento da subvención destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural aos titulares destes centros e cal é o seu obxectivo?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:36:10**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:36:25**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:36:32**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:36:42**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:36:52**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:37:03**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:37:14**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:37:25**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:37:37**



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor M. Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

As nenas e nenos no sistema de protección á infancia e á adolescencia da Xunta de Galicia constitúen unha poboación de grande vulnerabilidade. Por un lado, entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole (abandono, abuso, maltrato físico ou sexual, alto nivel de conflito, etc.) ao longo das súas vidas na súa contorna familiar. Por outro lado, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do contorno e dos profesionais que as atenden.

Para o Goberno galego resulta prioritario promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico das nenas, nenos e adolescentes que amosen desaxustes emocionais-condutuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

Neste senso, a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña (UDC) desenvolven un programa pioneiro de atención a nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo: Programa de avaliación e tratamento terapéutico a menores en risco ou desamparo que desenvolve a Universidade da Coruña.

O obxectivo deste programa é mellorar a atención terapéutica de nenos e adolescentes que son derivados polos Equipos Técnicos de Menores da Xunta de Galicia.



Tamén poden participar as familias biolóxicas ou acolledoras destes menores, así como os profesionais que se ocupan delas: educadores, traballadores sociais e persoal dos centros de acollemento residencial ou dos centros de día.

Este é un programa de referencia en Galicia neste eido e que coa súa posta en marcha a nosa comunidade foi pioneira en España. Para elo, a Xunta destina cada ano 469.000 euros ao seu desenvolvemento a través dun concerto social coa UDC.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a evolución do Programa de avaliación e tratamento terapéutico a menores en risco ou desamparo dende a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:15:50**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:16:08**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:16:16**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:16:26**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:16:37**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:16:48**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:16:59**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:17:13**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:17:29**





Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:21:18**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:21:35**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:21:42**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:21:54**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:22:05**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:22:17**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:22:29**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:22:41**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:22:59**



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor M. Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, dispón de dúas residencias de tempo libre en Panxón (Nigrán) e O Carballiño onde, entre outras iniciativas, desenvolve un programa de estadias de verán asumibles para as familias.

Así, baixo o programa ‘Vacacións en familia’, o Goberno galego ofrece ás familias galegas e mesmo doutras comunidades autónomas, a posibilidade de desfrutar nestes dous centros de titularidade autonómica dunha estadia de verán de seis días a prezos económicos, nos meses de xullo, agosto ou setembro.

O Goberno galego ampliou o pasado ano as quendas ata o mes de outubro para que as familias con fillos maiores ou sen fillos puidesen desfrutar tamén destas residencias.

Esta proposta de vacacións dá acceso prioritario ás familias numerosas, monoparentais e acolledoras, así como a vítimas de violencia de xénero. Todas elas teñen preferencia en todas as quendas ao realizar a solicitude.

Na edición do ano 2023, 2.151 persoas participaron neste programa vacacional en familia, e na edición do ano 2024, este programa contou con 2.720 prazas repartidas en dez quendas durante os meses de xullo a outubro. En concreto, a residencia de Panxón ofertou 1.400 prazas e a do Carballiño outras 1.320.

Ademais, nesta última edición, o Goberno galego adiantou a data de publicación da orde de solicitude de prazas, coa finalidade de facilitar máis a planificación das familias.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que fai o Goberno galego do programa “Vacacións en familia” celebrado no ano 2024?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025



**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:26:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:26:17**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:26:24**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:26:35**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:26:45**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:26:58**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:27:13**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:27:32**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:27:47**



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O programa Xuntos polo Nadal é unha iniciativa da Xunta de Galicia para que as persoas maiores poidan pasar en compañía estas datas tan sinaladas.

Xuntos polo Nadal é un programa dirixido aos maiores de 60 anos para que poidan desfrutar dunha estancia de 15 días en réxime de pensión completa nas residencias de Tempo Libre coas que conta a Consellería de Política Social e Igualdade, isto é a do Carballiño e a de Panxón (Nigrán).

Así, a través de estadías 100% gratuítas, os participantes pasan desde Noiteboa ata Reis nestes centros.

Trátase dunha iniciativa con máis de 20 anos de historia que só se interrompeu no ano máis duro da pandemia da covid-19.

A convocatoria do ano 2023 contou con 270 prazas repartidas entre as dúas residencias de tempo libre nas que os usuarios puideron participar en diferentes actividades como baile, ximnasia, obradoiros ou excursións.

A Xunta leva anos comprometida con atender as necesidades dos nosos maiores, así como de fomentar o envellecemento activo e combater a soidade non desexada.



Nesta liña, cómpre salientar a futura Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada na que está a traballar o Executivo autonómico con entidades sociais e concellos, así como iniciativas como o Carné +65 que permite desfrutar de descontos en servizos, establecementos ou lecer; a gratuidade no transporte público da Xunta para os maiores de 65 anos; ou as aulas sénior e convenios coas tres universidades para aquelas persoas que queiran seguirse formando.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia do programa Xuntos polo Nadal 2024?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/01/2025 10:06:50**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 10:07:07**

**Víctor Baladrón Lamas na data 21/01/2025 10:07:14**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 10:07:25**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 10:07:36**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 21/01/2025 10:07:47**

**Noelia Pérez López na data 21/01/2025 10:07:59**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 21/01/2025 10:08:13**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 10:08:25**





## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Cecilia Vázquez Suárez e Enrique Barreiro Sánchez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

A Xunta de Galicia leva executado desde o pasado 2020, dentro do Plan de Pastos de Galicia, arredor de 1.930 hectáreas de terreo en 80 pastizais, cun investimento que ronda os 10,5 millóns de euros. Así mesmo, esta planificación prevé actuar, segundo fontes da Consellería do Medio Rural, nunha superficie total de 2.450 hectáreas de toda Galicia, o que suporá un investimento de 14,5 millóns de euros. Unha tendencia que, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, cremos necesario manter no tempo considerando outras solicitudes de pasteiros nun futuro.

Estes pasteiros protexen os montes fronte aos lumes forestais, favorecendo a biodiversidade ao rachar a continuidade das superficies de mato ou arboredo e incrementan o benestar dos animais polo seu maior acceso ao pastoreo. Algunhas destas actuacións, para poñer en marcha estes pasteiros, pasan pola implantación dun pasto herbáceo de calidade, mediante a corta e roza, o fertilizado, a sementeira ou o despregado.

A maiores, os proxectos poden incluír outro tipo de accións, como a instalación de peches gandeiros e pasos canadenses ou a colocación de sistemas de retención e control para determinadas medidas de xestión do gando, tales como mangas, curros ou recintos semellantes. Outras actuacións teñen que ver coas infraestruturas para abastecemento de auga ao gando, da enerxía necesaria para o funcionamento dos servizos e a atención ás reses ou con construcións de acubillo para que os animais se poidan protexer das inclemencias meteorolóxicas e da depredación, así como para asistilos durante o parto e as corentenas ou vixilancias veterinarias.

Medidas todas elas necesarias para favorecer, por unha banda, a gandería extensiva, a cal pode ser unha aliada contra o lume cando existe unha boa xestión do monte, pero tamén para favorecer a permanencia do tecido gandeiro galego que fixa poboación no rural e loita contra o abandono dun sector, que resulta clave na economía galega, ademais de supoñer innumerables beneficios ambientais –feito antecedente da necesidade de dotar de maior contía económica o Plan de Pastos–.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que actuacións desenvolveu ata agora a Xunta de Galicia no marco do Plan de Pastos de Galicia?

2. Que actuacións ten previstas para o futuro a Xunta de Galicia no marco deste Plan?

3. Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento deste plan, e que obxectivos pretende acadar con el?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 21/01/2025 13:19:28**

**Ángel Rodríguez Conde na data 21/01/2025 13:19:44**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 21/01/2025 13:19:53**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 13:20:03**

**Cristina Campero Dorado na data 21/01/2025 13:20:31**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 13:20:42**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 21/01/2025 13:20:51**

**José Mato Díaz na data 21/01/2025 13:21:04**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 13:21:32**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BG9BQ3PQHZW4Y4K-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Cecilia Vázquez Suárez e Enrique Barreiro Sánchez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª ; Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

É evidente que as explotacións agrogandeiras e forestais enfróntanse a riscos imprevisibles, os cales poden afectar de xeito drástico aos rabaños, colleitas e/ou producións, comprometendo a súa viabilidade económica.

Na produción vexetal, destaca a posibilidade da destrución das colleitas ou das masas arbóreas como consecuencia de sinistros meteorolóxicos extemporáneos, que posúen unha tendencia a aumentar a medida que evoluciona o cambio climático. As xeadas, salpedreses, inundacións, temporais ou secas son algunhas das principais causas de perdas económicas.

Certamente, tanto a ocorrencia como o impacto destes sinistros en Galicia é moito inferior que noutras comunidades do noso país. Non obstante, temos que estar igualmente preparados para capear estas potenciais situacións, así como para tratar a aparición de enfermidades ou accidentes fortuítos que poden afectar ás mandas, e que supoñen a perda de animais ou das producións nas explotacións gandeiras galegas.

Neste respecto, eliminar a incerteza económica derivada destas circunstancias é un dos grandes desexos do sector produtor e, por suposto, das administracións públicas. A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, cremos firmemente que o seguro agrario é un factor de enorme estabilidade para o sector, ademais dun instrumento para garantir as rendas agrarias.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Neste eido, somos conscientes de que, aínda sendo voluntarios, existe unha motivación por parte da Consellería do Medio Rural en favor dos seguros das explotacións agrarias profesionais, incentivando a súa contratación coa inclusión nos criterios de concesión de axudas agrarias, como as dedicadas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria ou a investimentos nas explotacións.

Porén, a medida que máis fomenta os seguros son as subvencións directas, sen trámites adicionais para o asegurado. Así mesmo, o incremento do nivel do seguro agrario beneficia particularmente aos agricultores e gandeiros, na medida en que teñen unha maior protección sobre as súas producións.

Por extensión, esta maior seguridade repercute tamén na poboación en xeral, xa que ampara a produción de alimentos sans e seguros por parte das axentes do sector primario. Nesta liña, cómpre sinalar que, neste 2025, destínanse un total de 9,5 millóns de euros ás axudas para fomentar a contratación destes seguros, o que representa un incremento de preto do 12% en relación coa convocatoria anterior

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta:

Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca do necesario fomento da contratación de seguros agrarios por parte das explotacións agrogandeiras e forestais da nosa comunidade en relación coas axudas destinadas neste materia?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.





**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 21/01/2025 13:27:41**

**Ángel Rodríguez Conde na data 21/01/2025 13:28:12**

**Nicole Grueira Fernández na data 21/01/2025 13:28:24**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2025 13:28:36**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 21/01/2025 13:28:42**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 21/01/2025 13:28:51**

**José Mato Díaz na data 21/01/2025 13:29:12**

**Cristina Campero Dorado na data 21/01/2025 13:30:02**

**Juan Manuel Casares Gándara na data 21/01/2025 13:30:16**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo e Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre xubilación parcial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como viña advertindo o BNG o actual goberno do Estado deu un novo paso adiante no camiño de endurecer as condicións de xubilación.

Boa parte do acordo acadado entre o goberno, patronal, CC.OO e UGT no pasado mes de decembro ven de se concretar no Real Decreto 11/2024. Unha norma que consolida o endurecemento das condicións para acollerse á xubilación parcial e que pon data de caducidade ao dereito do persoal da industria manufactureira que aínda mantiña dun xeito excepcional o dereito de xubilarse parcialmente aos 61 anos, xa que a partir do 31 do decembro do 2029 perderán este dereito, pasando a engrosar a lista das persoas que só poderán xubilarse nesta modalidade parcial como moito 3 anos antes da súa idade legal de xubilación e sempre que teñan 33 anos de cotización mínima.

O Real Decreto tamén establece un novo tope para a aplicación da redución de xornada que pode realizarse durante o primeiro ano de xubilación parcial, que a partir de agora será apenas entre un 20% e un 33%.

A prolongación da vida laboral é un dos recortes máis agresivos contra a saúde e a calidade de vida da clase traballadora. Non debemos esquecer as tremendas diferencias existentes de esperanza de vida en función do nivel económico das persoas e das súas ocupacións. Esta prolongación significa na práctica que cada vez menos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

persoas de clase traballadora chegarán á xubilación nunhas condicións físicas e de saúde que lles permitan gozar desa nova etapa da súa vida.

O Real Decreto 11/2024 aínda está pendente de se convalidar no Congreso dos Deputados e Deputadas, polo que un debate social ben informado sobre a idade de xubilación e o modelo de pensións que cada forza política promove é absolutamente necesario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza o Real Decreto 11/2024?
2. Que opina a Xunta de Galiza dunha prolongación indiscriminada da vida laboral das persoas traballadoras?
3. Como estima a Xunta de Galiza que está a afectar ao absentismo laboral o atraso da idade de xubilación na Galiza? Pode ter efectos diferenciados por nivel de renda ou xénero?
4. Como estima a Xunta de Galiza que está a afectar ao desemprego xuvenil e aos salarios dos primeiros empregos o atraso da idade de xubilación na Galiza? Pode ter efectos diferenciados por nivel de renda ou xénero?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 21/01/2025 12:31:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2025 12:31:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de avanzar na tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística na parroquia de Lubre (Bergondo).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de tres anos, o Concello de Bergondo paralizaba un movemento de terras e recheos realizado na parroquia de Lubre.

As razóns debíanse a que eses traballos non se adecuaban á licenza municipal concedida en solo rústico e a que crearon un talude de aproximadamente 15m nunha parcela sita no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, colindante coa vivenda nº 66 do mencionado lugar e o polígono industrial da localidade, gañando así tamén espazo pegado á parte industrial.

Posteriormente, esta actuación tamén foi denunciada ante a APLU, organismo dependente da Xunta de Galiza, de quen é competencia por situarse en solo rústico.

Estes traballos xeraron moita alarma entre a veciñanza do lugar, xa que pola orografía da zona, de se produciren fortes choivas, estas poden acabar afectándolle a todo o núcleo de poboación, como así lle sucedeu xa, en varias ocasións durante este tempo, á finca colindante, que se viu asolagada por unha inxente cantidade de auga e barro, ademais de afectar tamén a circulación pola principal vía de comunicación do lugar, a estrada provincial DP-0811.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Transcorrido un ano aproximadamente, visto que a parcela seguía no mesmo estado e os recheos non foran retirados para volver a parcela ao seu estado natural, desde o grupo parlamentar do BNG preguntamos por esta problemática, a petición veciñal.

A resposta escrita informou da apertura pola APLU dun expediente en abril do 2022, confirmando que as obras non son legalizables ao seren incompatibles co ordenamento urbanístico, ordenando a reposición dos terreos ao seu estado inicial, baixo apercibimento de execución subsidiaria ou forzosa mediante a imposición de multas coercitivas. Asemade, tamén se daba conta de que a sociedade responsable interpuxera recurso de reposición en prazo.

O grupo parlamentar do BNG interesouse por esta problemática a finais de 2023, ao que o goberno da Xunta respondeu que o 7 de novembro do pasado ano se emitiu desestimación definitiva do recurso presentado e que o seguinte paso sería o inicio da execución forzosa.

Actualmente, todo está no mesmo estado, nin se perciben movementos na parcela para devolvela ao estado inicial, o que segue a crear inseguridade e incerteza na veciñanza polo tempo transcorrido e polos desperfectos que esta situación xa lles causou no seu momento e pode volver repetirse.

A maiores desta problemática sen resolver, recentemente, noutra parcela situada no lugar de Obra de Paño, na mesma parroquia bergondesa de Lubre, con referencia catastral 15008A059001000000XB, leváronse a cabo traballos de recheos, presuntamente de novo sen adecuarse á licenza solicitada, por parte de alguén que tamén fai parte da sociedade da parcela mencionada, o que crea na veciñanza unha sensación engadida de impunidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En xullo de 2024 o grupo parlamentario do BNG volveu rexistrar varias iniciativas en forma de preguntas orais e escritas nesta cámara ás que o goberno non deu resposta.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- En que estado se atopa a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística por parte da APLU?
- En que prazo se prevé que se devolva a parcela ao seu estado inicial?
- É consciente a Xunta de Galiza dos trastornos que causa á veciñanza esta situación?
- Ten constancia a APLU do novo recheo noutra parcela no lugar de Obra de Paño?
- De ter constancia, ten iniciada a tramitación para reposición da legalidade urbanística nesta parcela?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/01/2025 16:06:18**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2025 16:08:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Brais Ruanova Vilas-Boas e Mercedes Queixas Zas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o derrube da casa Patazumba en Tui no marco da urbanización da rúa Ourense e o visto bo do Goberno Galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finca “Patazumba” no Concello de Tui é un conxunto patrimonial formado por unha vivenda, un hórreo, un valado e o terreo que ocupan e ao que están asociados estes bens patrimoniais.

O caso singular do hórreo, que se trata dun hórreo centenario, datado segundo a inscrición que presenta na pedra no ano 1861, e que conta con singular valor por presentar 7 pés e por tratarse dun dos mais sobranceiros do Concello de Tui, presentando a súa total integridade e formalización, aínda que algún dos seus elementos de madeira se atopen en mal estado non impediu a súa catalogación como BIC. Así tamén, a casa de máis dun século e de estilo indiano e a finca son elementos que dan cohesión e sentido patrimonial a este ben.

A polémica estivo arredor desta finca dende que se prantexou o PXOM de Tui, aprobado definitivamente no ano 2011, quedando paralizadas certas actuacións como a urbanización completa da rúa Ourense, por afectación a dito hórreo.

No ano 2009 a Dirección Xeral de Patrimonio do Goberno Galego emitía un informe sobre a necesidade de declarar o conxunto da Finca Patazumba como ben patrimonial ao nivel do propio Camiño de Santiago pola vila tudense.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tamén nesa liña o artigo 52 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, expresa que *“os bens inmoables declarados de interese cultural son inseparables do seu contorno. Non poderá procederse ao seu desprazamento salvo que resulte imprescindible por causa de caso fortuíto, forza maior, utilidade pública ou interese social, despois do informe favorable da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, nos termos previstos na lexislación reguladora do patrimonio histórico español e nesta lei”*.

Finalmente no ano 2022 a Dirección Xeral de Patrimonio emite informe favorable para o desprazamento de dito hórreo e dando vía libre á urbanización plantexada no PXOM para a rúa Ourense.

Esta urbanización contempla o derrube da casa Patazumba, actualmente en mans da Sareb, e polo tanto da perda de patrimonio e de cohesión cun BIC como é o hórreo.

Non se entende que o Goberno Galego permita ao Goberno Local de Tui a destrución do patrimonio para un modelo urbanístico caduco e do século pasado, xa que a actuación na rúa Ourense estaba contemplada dende finais dos anos 80, no lugar de velar pola conservación dos bens que proporcionan identidade propia ás vilas deste país.

A destrución dunha casa propiedade da Sareb só vai servir para beneficiar ao banco malo do cal o Estado Español é o seu maior participante. Este feito agrávase nun contexto no que o Concello de Tui incumpre as recomendacións de espazos verdes que marca Europa e no que existe un Plan Rexurbe que se viu máis que ineficiente para dar solución á crise de vivenda que vive esta vila.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Como valora o Goberno Galego o derrube da casa Patazumba en Tui?
- Considera o Goberno Galego que permitir mobilizar un hórreo BIC e non evitar que se destrúan os elementos aos que está ligado é protexer o patrimonio?
- Porque dende a Dirección Xeral de Patrimonio non se blindou esta vivenda para evitar o seu derrube?
- Como pensa o Goberno Galego protexer o patrimonio do Concello de Tui atendendo á súa singularidade, diversidade e identidade propia?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/01/2025 16:23:34**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/01/2025 16:27:01**





## A Mesa do Parlamento

**Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martinez, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Campus do Mar en Vigo representa unha das iniciativas máis significativas para a investigación e desenvolvemento no ámbito mariño e ambiental en España.

O proxecto do Campus do Mar na ETEA (Escola de Transmisións e Electrónica da Armada) en Vigo comezou a desenvolverse en 2011, cando se estableceu o acordo entre as institucións implicadas para aproveitar o espazo da antiga base militar como un centro de excelencia dedicado ao estudo do mar.

Este proxecto, enmarcado dentro do programa de Campus de Excelencia Internacional, buscaba rehabilitar e reconverter a zona nun centro especializado en investigación, innovación e formación mariña.

As antigas instalacións da ETEA no barrio de Teis foron identificadas como un espazo estratéxico para albergar proxectos de investigación e fomentar a colaboración entre diversas disciplinas científicas.

Os primeiros pasos concretos inclúen a rehabilitación de edificios e o desenvolvemento de infraestruturas destinadas a laboratorios, centros de investigación e espazos educativos.

Con todo, a falta de avances nas obras destinadas a adecuar estas instalacións para o seu uso por parte do CSIC xerou unha preocupación crecente entre a comunidade científica e académica, así como entre os cidadáns de Vigo.

A inacción neste ámbito limita as oportunidades de investigación, innovación e formación que o Campus do Mar pode ofrecer. A posta en marcha destas obras é crucial non só para potenciar a investigación científica na nosa rexión, senón tamén

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





para contribuír ao desenvolvemento económico local e á creación de emprego en sectores vinculados á ciencia e a tecnoloxía.

Despois de moito tempo esperando, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) licitou o pasado 24 de decembro os traballos de derriba de catro das oito construcións do conxunto; noutras tres realizaranse demolicións parciais, mentres que o coñecido como edificio Gauss manterase na súa integridade. O orzamento con IVE roza os 650.000 euros, cun prazo de execución de catro meses. As empresas interesadas en poxar por este contrato poderán visitar a zona o 16 e 17 de xaneiro e terán ata o 17 de febreiro para formular as súas ofertas.

Por todo iso, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

1.-Qué pasos se están dando desde as administracións implicadas na posta en marcha do proxecto Campus do Mar, nas antigas instalacións da ETEA?

2.-Cal é o prazo previsto para o comezo das diferentes obras que se teñen que executar tanto por parte da Xunta de Galicia como do CSIC, a Universidade de Vigo e demais institucións implicadas?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/01/2025 17:21:54**

**Jesús María Fernández Rosende na data 21/01/2025 17:22:09**

**Manuel Santos Costa na data 21/01/2025 17:22:17**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Pablo Prieto Perille na data 21/01/2025 17:22:24**

**Paula Mouzo Mas na data 21/01/2025 17:22:36**

**María Deza Martínez na data 21/01/2025 17:22:44**

**Raúl Santamaría González na data 21/01/2025 17:22:53**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 17:23:07**

**Patricia García González na data 21/01/2025 17:23:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á demora na atención psicolóxica infanto xuvenil en Ourense ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención á saúde mental e a súa prestación ao longo do territorio con criterios de equidade e equilibrio territorial e social debera ser unha prioridade para o goberno galego. Porén, como ten denunciado reiteradamente este Grupo Parlamentario, a realidade dista moito de ser así.

A anunciada implantación da prestación de Psicología Clínica no nivel asistencial de Atención Primaria, prometida en abril de 2024, é aínda só unha promesa, pese a que a propia Lei contra a violencia de xénero estipula no seu artigo 25, desde o ano 2007, a súa implantación non é unha realidade e pese a que Galiza lidera a cifra de suicidios no Estado, con 326 o último ano.

Neste contexto, para alén dos recentes datos sobre a Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, que volven ter as peores listas de agarda hospitalaria de todo Galiza, singularmente no que atinxe ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, coñecemos a información que facía pública o propio Colexio Oficial de Psicología de Galiza alertaba a semana pasada dos tempos de espera e reclama unha oferta asistencial clara e baseada en criterios de equidade territorial.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Dentro deses datos, chamaba especialmente a atención canto á poboación infantoxuvenil, sinalándose que as esperas para a primeira consulta de psicoloxía clínica sitúanse polo xeral entre 3 e 6 meses, cun horizonte temporal semellante para as seguintes consultas. No caso da área sanitaria de Ourense, igual que no caso da de Vigo, o tempo de espera para a primeira consulta atópase nese máximo de 6 meses, e de 3 para a seguinte consulta. Esta situación é alarmante e o propio Colexio sinala que “Nesta etapa é clave a redución de tempos de espera, debido ás necesidades relativas ao desenvolvemento e a calidade de vida dos rapaces e rapazas, así como a prevención de complicacións maiores no seu momento vital actual ou na vida adulta, xa que a infancia e a adolescencia son etapas críticas no desenvolvemento.”

O feito de ter demoras de 6 meses para unha primeira consulta agrávase se recordamos que a área de Ourense ten amplas carencias nesta materia e que, por exemplo, aínda que foi impulsada unha Unidade de Prevención do Suicidio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense non ten unha unidade de hospitalización de saúde mental infanto xuvenil, que até o momento, malia as promesas, só existe en Vigo e Santiago. Esta situación súmase a outras carencias como as limitacións na atención pediátrica hospitalaria, reducida a mínimos e á lista de espera de psiquiatría do CHUO, de 63,7 días e con 1.253 pacientes agardando.

Por estes motivos, é necesario que o goberno galego reforce a atención psicolóxica infanto xuvenil en Ourense incrementando os medios e o persoal, tal e como demandan doentes e colectivos profesionais

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como valora o goberno galego a prestación da atención psicolóxica infanto xuvenil na área sanitaria de Ourense?

Que actuacións vai levar a cabo para que o tempo medio de espera deixe de ser os 6 meses, á cabeza en Galiza xunto con Vigo?

Cales foron as persoas atendidas neste ámbito nos anos 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024?

Que valoración fai o goberno galego da Unidade de Prevención do Suicidio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)?

Cantas persoas foron atendidas por esta Unidade de Prevención cada ano desde o seu impulso no 2021?

Cantas persoas usaron ambos recursos?

Cantas persoas son tratadas ao longo destes anos de forma continua?

Que valoración fai o goberno galego do tempo medio de espera superior a 60 días para unha consulta de psiquiatría e do aumento de persoas en lista de espera?

Valora o goberno impulsar unha unidade de hospitalización de saúde mental infanto xuvenil no CHUO?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2025 17:24:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2025 17:27:43**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/01/2025 17:28:04**





## A Mesa do Parlamento

**Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Instituto Español de Oceanografía foi creado por Real Decreto do 17 de abril de 1914, é un organismo público de investigación (OPI) dedicado á investigación en ciencias do mar, especialmente no relacionado co coñecemento científico dos océanos, a sustentabilidade dos recursos pesqueiros e o medio ambiente mariño.

O Instituto Español de Oceanografía (IEO), é desde 2021, un Centro Nacional do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), dependente do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Conta cunha sede central en Madrid e nove centros oceanográficos costeiros: A Coruña, Baleares (Palma de Mallorca), Cádiz, Canarias (Santa Cruz de Tenerife), Xixón, Málaga (Fuengirola), Murcia (San Pedro del Pinatar), Santander e Vigo. Dispón ademais de cinco plantas de experimentación de cultivos mariños; doce estacións mareográficas e unha estación receptora de imaxes de satélite.

A súa frota oceanográfica, de máis dunha vintena de embarcacións, conta con cinco buques oceanográficos importantes, entre os que destacan os buques xemelgos de 46 metros Ramón Margalef e Ángeles Alvariño.

A finais de 2021, o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, insitía en que se debía de abrir un debate sobre a descentralización das institucións para dar oportunidades a distintos territorios. Mostrabase partidario, non só de que se instalen noutras Comunidades institucións de nova creación, senón tamén doutras xa existentes que «non ten moito sentido que estean en Madrid».

Sánchez puxo o exemplo o Instituto Español de Oceanografía como unha desas institucións que podería ter sentido sacar fóra de Madrid.





Nese momento houbo un forte debate donde Vigo reclamaba ser a sede central, pero lamentablemente os plans do goberno socialista pasaban porque a sede fora a Santander e non a Vigo.

No centro de Cabo Estai, fundado en 1917, traballan ao redor dun centenar de persoas, a maioría delas en investigación.

Este centro nos últimos anos ven sendo noticia polo abandono total e absoluto por parte do goberno de Sanchez. En 2023, o abandono do IEO de Vigo obrigou ao persoal a usar casco nas súas instalación e un informe aconsellaba derrubar a planta de cultivos pola súa perigosidade.

Logo de anos de reclamacións, o 27 de novembro de 2024, o secretario de Estado de Ciencia, Innovación e Universidades, Juan Cruz Cigudosa, comprometeu nunha visita ao IEO de Vigo un investimento de máis de 9,7 millóns de euros para renovar e mellorar as súas instalacións e capacidades científicas.

A actuación supoñerá, por unha banda, mellorar o actual IEO e por outro, construír un novo edificio dedicado á acuicultura. Cigudosa estivo acompañado no percorrido polas instalacións de Cabo Estai pola vicealcaldesa Carmela Silva, así como o delegado do Goberno, Pedro Blanco, e o subdelegado Abel Losada.

En concreto, o MICIU destinaría un orzamento de máis de 5,2 millóns de euros para as obras do novo edificio de cultivos e 4,5 millóns de euros na rehabilitación do edificio principal do COV.

Nembargantes o día anterior a Noiteboa atopámonos coa noticia da anulación do contrato para a reconstrución da planta de cultivos tras excluír de forma irregular a unha das empresas aspirantes. O procedemento ten que volver atrás.

Por todo iso, os deputados e deputas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cales son as medidas concretas que considera debe implementar o Goberno de España para priorizar e acelerar o inicio da construción da planta de cultivos e as





obras de reforma integral do edificio do Instituto Oceanográfico de Vigo no menor prazo posible?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/01/2025 17:38:16**

**Pablo Prieto Perille na data 21/01/2025 17:38:50**

**Manuel Santos Costa na data 21/01/2025 17:39:03**

**Jesús María Fernández Rosende na data 21/01/2025 17:39:12**

**Paula Mouzo Mas na data 21/01/2025 17:39:20**

**María Deza Martínez na data 21/01/2025 17:39:33**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2025 17:39:41**

**Raúl Santamaría González na data 21/01/2025 17:39:48**

**Patricia García González na data 21/01/2025 17:41:55**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á evolución da violencia machista en Galiza, á eficacia dos recursos existentes e ás actuacións a desenvolver por parte do goberno galego para os mellorar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2024 finalizou coa cifra de cinto feminicidios consumados en Galiza, sen prexuízo de que investigacións poidan engadir algún caso máis a unha estatística que é moito máis do que unha estatística, que supón a consecuencia máis extrema dunha violencia sistémica e estrutural contra as mulleres cuxo remate constitúe un reto democrático para toda a sociedade e para todas as institucións.

Outros datos coñecidos recentemente sinalar como o ano 2024 pechou cun récord histórico de mulleres no noso país incluídas no sistema Viogén de seguimento policial: 5.789, a cifra máis alta desde que se puxo en funcionamento este recurso.

Así mesmo, o 16 de decembro de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza emitía unha nota informativa na que recolle, á espera de ter datos definitivos sobre o cuarto trimestre e poder facer un balance e reflexión anual, como no terceiro trimestre do ano 2024 os xulgados galegos recibiron 22 denuncias ao día por violencia de xénero, un 10 % máis que o ano anterior.

Tal e como sinala o organismo xudicial, a gran maioría (1.514) foron presentadas pola vítima, unha cifra que segue sendo moi superior á das denuncias





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

interpostas por terceiras persoas: os familiares formalizaron 41; mentres que 115 chegaron por partes de lesións recibidos directamente; 28, por servizos de asistencia e terceiros; e 345, por intervención directa da policía.

Ademais, sinalan que no período estudado aumentou un 5,5 % o número de mulleres vítimas e rexistráronse 12 menores tutelados vítimas de violencia de xénero, fronte aos 17 do mesmo período de 2023. Ademais, no período analizado solicitáronse 474 ordes e medidas de protección da vítima, un 9 % menos que no mesmo período de 2023, e foron adoptadas 320, o 67,5 %.

Estas cifras axudan a ver a dimensión deste problema, un dos máis graves da sociedade e sobre o ue temos que estar vixiantes, máis aínda nun contexto de proliferación dos discursos negacionistas e de avance da precariedade e da privatización dos servizos públicos, que redunda negativamente no sistema de protección.

Debe ser unha prioridade, polo tanto, desenvolver a Lei galega contra a violencia machista e mellorar os recursos activos e atender ámbitos especialmente sensibles como o xudicial, no que segue a ser necesaria unha revisión e impulso da formación, dos espazos físicos, etc.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que valoración fai o goberno galego dos datos de violencia machista do último ano completo e o avance do actual?

Iniciou algunha reflexión sobre as prioridades o goberno galego despois dos feminicidios cometidos no 2024? en que sentido e con que medidas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Levou a cabo o goberno galego a actualización de protocolos de cooperación que sinalaba durante a tramitación orzamentaria?

Que valoración fai o goberno galego do cumprimento da lei galega de 2007?

Que valoración fai o goberno galego da percepción na sociedade da violencia machista?

Que valoración fai o goberno galego do funcionamento dos instrumentos legais e xudiciais?

Que valoración fai a Xunta do funcionamento dos recursos sociais e sanitarios?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2025 18:05:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2025 18:09:30**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Galicia ten unha taxa moi baixa de matronas. Situámonos en 4 matronas por cada 10.000 mulleres, cando a media da Unión Europea é de 9 matronas por cada 10.000 mulleres ou fronte a comunidades autónomas como Navarra que están en 10 matronas por cada 10.000 mulleres.

E este cociente é problemático por varios motivos entre os que podemos citar: As matronas son profesionais de referencia da saúde sexual e reprodutiva, así como da saúde materno infantil.

Con todo a maior parte das matronas que temos no Sergas, están a facer os labores de asistencia o parto e ignóranse moitos dos aspectos da nosa saúde sexual e reprodutiva. E estes labores moitas veces quedan desatendidos.

Pero tamén cando escasea o persoal de matronería, sucede que moitas veces os partos acaban en intervencións e as listas de espera para unha simple citoloxía increméntanse.

E todo indica que a situación foi empeorando co paso dos anos, e a situación pódese volver moito peor tendo en conta as próximas xubilacións.

As vantaxes de contar cunha matrona nos centros de saúde radica na posibilidade de ter un coidado da saúde sexual e reprodutiva desde a adolescencia ata a menopausa.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/01/2025 10:35:12  
**Nº Rexistro: 18007**  
Data envío: 22/01/2025 10:35:12.944

Unha matrona de Atención Primaria supón unha ligazón directa co facultativo especialista en xinecología.

Pero poderíamos saltar da Atención Primaria á hospitalaria e palpar a importancia da atención personalizada e o conseguir tamén establecer unha relación de confianza entre a matrona e a persoa que vai dar a luz. E o apoio da matrona moitas veces vai máis aló e alcanza o ámbito emocional.

Por todo o anterior, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a opinión da Xunta de Galicia respecto do labor que desenvolven as matronas?
2. Cre a Xunta de Galicia que se debe manter esta especialidade ou ser desenvolta pola especialidade de enfermaría familiar e comunitaria?
3. Está disposta a Xunta de Galicia a incrementar o número de matronas ata alcanzar, polo menos, a media de España por cada 10.000 mulleres?

Parlamento de Galicia, 20 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 21/01/2025 18:26:39**

**Silvia Longueira Castro na data 21/01/2025 18:26:52**

CSV: B0REBQ5H0ZaMXkX6k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

61943

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O embalse de Eiras, en Fornelos de Montes, abastece a sete concellos de auga: Vigo, Redondela, Nigrán, Cangas, Moaña, Porriño e ás veces, Baiona.

A este embalse verten as augas que proveñen da depuradora sita en Portovilán. Unha depuradora que xa ten máis de 30 anos e cuxo sistema está obsoleto o que fai que moita da auga non sexa depurada correctamente causando un prexuízo medioambiental.

Dende o Concello de Fornelos de Montes enviouse ao goberno da Xunta hai anos un proxecto municipal de construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR), no que se solicitaba o seu financiamento, ao resultar imposible sufragar esta obra a un Concello cun orzamento anual de 2 millóns de €.

Sabemos que a prestación dos servizos de saneamento e abastecemento son unha responsabilidade de competencia municipal, pero a Xunta ten a obriga de prestar o apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesiten co fin de mellorar a calidade das nosas augas e acadar unha mellor e máis sostible xestión.

Augas de Galicia anunciou para 2025 un orzamento que ascende a 144 millóns de euros, dos que 73 millóns de euros dixo que irían destinados á mellora das infraestruturas do ciclo da auga.

Os socialistas e as socialistas defendemos que o goberno da Xunta ten que apoiar os concellos en materia de xestión da auga e axudar a acadar o obxectivo de facer un uso eficiente dela para reducir a pegada hídrica e mellorar a calidade das masas de auga no conxunto da nosa comunidade e para iso é necesario que invista nas redes de saneamento, depuración e abastecemento dos diferentes concellos e nomeadamente no de Fornelos de Montes xa que estamos a falar dunha depuradora que verte a un encoro que abastece a máis de 500.000 persoas que habitan na área metropolitana de Vigo.





Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai financiar o Goberno galego unha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Portovilán, co obxectivo de mellorar o servizo de saneamento no concello de Fornelos de Montes?

Santiago de Compostela, 22 de enero de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 21/01/2025 18:32:07**

**Carlos López Font na data 21/01/2025 18:32:19**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A conselleira titular da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia nunha comparecencia parlamentaria na que daba conta dos orzamentos para o ano 2025, anunciou que dende Augas de Galicia, organismo adscrito á súa consellería, íanse investir 70 millóns de euros en proxectos de abastecemento e saneamento en diferentes concellos galegos.

O concello de Cerdedo-Cotobade conta con numerosos núcleos de poboación que aínda non teñen rede de sumidoiros, polo que a maioría das casas dependen do sistema de pozos negros ou fosas sépticas solucións medioambientalmente pouco eficientes.

As parroquias afectadas pola falta do dito saneamento son numerosas, nalgúns casos carecen de rede na súa totalidade como son os casos de Valongo, Loureiro, Rebordelo, Castro, Corredoira, Figueroa, Parada, Caroi, Figueroa ou Folgoso, e noutras parroquias algúns lugares dispoñen de rede de saneamento pero falta noutros como son os casos de Trabazo en Carballado; Abelaíndo, San Bernabé, Biduído, Cabanca e Carballás en Cerdedo; Fentáns en San Xurxo de Sacos; Xesteira en Almofrei ou Parada e Calvelo en Tenorio entre outros moitos lugares onde non existe.

Tamén existen lugares con saneamento executado pero que aínda non está en funcionamento.

A execución da rede de saneamento na súa totalidade supón un investimento moi grande de recursos públicos e precisa dunha planificación para que se realice en varias anualidades. Pero hai que recordar que nos últimos anos os avances foron moi escasos, incluso inexistentes na parte alta do concello. É por iso que, a axuda da Xunta de Galicia resulta indispensable para poder acometer un proxecto tan ambicioso.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2025 10:40:52**  
**Nº Rexistro: 18017**  
Data envío: 22/01/2025 10:40:52.087

O Partido Socialista presentou emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2025 onde solicitaba o financiamento para executar a rede de saneamento nos lugares de Cerdedo-Cotobade que non dispoñen del pero ningunha desas alegacións foi admitida.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Establece a Xunta de Galicia no Plan de mellora do ciclo da auga para os anos 2025-2026, o financiamento da obra de execución da rede de saneamento nos lugares de Cerdedo-Cotobade que non dispoñen dela?

Santiago de Compostela, 22 de enero de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 21/01/2025 18:40:40**

**Carlos López Font na data 21/01/2025 18:40:53**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A Avenidas de Cambados (PO-549), Agustín Romero (PO-301) e Rosalía de Castro (PO-548) son unhas das principais vías de entrada o núcleo urbano do concello de Vilagarcía de Arousa e pertencen á rede de estradas autonómicas da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia leva anos sen facer ningún tipo de mantemento e mellora, o que fai que actualmente se atopen en malas condicións, poñendo en risco nalgúns dos seus puntos a seguridade peonil e incumprindo noutros a Lei de accesibilidade.

Dende o Concello de Vilagarcía pediuse ao goberno autonómico en moitas ocasións que actuase sobre estas avenidas, sen que se fixese nada por parte deste.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que o goberno da Xunta ten a obriga de levar a cabo unha supervisión e mantemento das estradas da súa titularidade para garantir nelas a seguridade peonil e viaria e neste caso concreto cómpre de forma urxente unha actuación de reforma integral destas beirarrúas co fin de corrixir as eivas que presentan e adaptalas á normativa de seguridade peonil e á Lei de accesibilidade.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1. Considera o Goberno galego que é necesario un proxecto de acondicionamento e reforma nas avenidas de Cambados (PO-549), Agustín Romero (PO-301) e Rosalía de Castro (PO-548) sitas no concello de Vilagarcía de Arousa?
2. Ten previsto este goberno levar a cabo no ano 2025 algunha actuación nestas estradas de carácter autonómico?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/01/2025 10:42:33  
**Nº Rexistro: 18022**  
Data envío: 22/01/2025 10:42:33,338

3. Entende o Goberno galego que, na actualidade, as beirarrúas destas avenidas, o seu paso polo Concello de Vilagarcía, cumpren a normativa de seguridade peonil e a Lei de accesibilidade?

Santiago de Compostela, 22 de enero de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 21/01/2025 18:40:05**

**Carlos López Font na data 21/01/2025 18:40:15**

CSV: BG9BGSP3vZ0W4X6k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

61949

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O concello de Vilagarcía é clave para a mobilidade dentro da provincia de Pontevedra e presenta un gran número de usuarios do transporte público por ferrocarril e autobús. Para facilitar e adecuar aos tempos estes desprazamentos, o concello leva anos reclamando á Xunta de Galicia a construción dunha estación intermodal co obxectivo de conectar as terminais de ferrocarril e de autobuses.

O Goberno galego presentou en 2021 un "borrador" do que podería ser esta estación intermodal, pero para que ese proxecto se puidese desenvolver era necesario acadar unha concesión de terreos por parte da Administración de Infraestruturas Ferroviarias (Adif).

O Concello de Vilagarcía iniciou as xestións para acadar esta concesión e trala negociación logrou que este ente estatal asinase ese acordo en marzo de 2022.

Transcorridos case 3 anos desde isto o Goberno galego non fixo nada en relación co inicio deste proxecto, que segue agochado nun caixón.

Por outra banda, o edificio da estación de autobuses de Vilagarcía sofre dende hai anos un deterioro evidente. Neste edificio, teñen a súa sede varias asociacións e empresas e atópase case en estado ruinoso.

Trátase dun edificio de titularidade autonómica e a pesares dos requirimentos continuos por parte do Concello para que o Goberno galego realice obras de mantemento e mellore as condicións de seguridade, nunca obtén resposta pola Xunta.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista fartos do desleixo do Goberno galego con este concello propuxemos dúas emendas aos orzamentos da Xunta para o ano 2025 co fin de que se inclúisen dúas partidas por un valor de 1,3 millóns para a estación intermodal e 100.000 euros máis para o arranxo da estación de





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/01/2025 10:55:40  
**Nº Rexistro: 18028**  
Data envío: 22/01/2025 10:55:40.421

autobuses. Sen que ningunha das dúas fose admitida polo Grupo Parlamentario Popular.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

1. Ten previsto o Goberno galego iniciar no ano 2025 no Concello de Vilagarcía de Arousa o proxecto para a execución dunha nova estación intermodal que conecte a estación de autobuses e de ferrocarril coa reurbanización do seu entorno e as obras de mantemento e adecuación do edificio da estación de autobuses e mellora das súas condicións de seguridade?
2. Como xustifica o Goberno galego o abandono durante todos estes anos destes proxectos tan importantes para o goberno de Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, 22 de enero de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/01/2025 10:46:46**

**Carlos López Font na data 22/01/2025 10:46:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as condicións asistenciais e laborais na Residencia Vila do Conde de Gondomar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Residencial Vila do Conde, sito en Vilaza (Gondomar), é un centro xeriátrico de xestión privada que conta con 130 prazas asistenciais das que 32 son públicas concertadas coa Xunta.

A finais do pasado mes de decembro soubemos, pola publicación na prensa da denuncia por parte da sección sindical da CIG, dos incumprimentos por parte da dirección do centro das ratios de persoal de atención aos maiores, o que estaba a provocar unha sobrecarga laboral nas persoas traballadoras que afectaba directamente á calidade do servizo. Uns datos xa preocupantes na nota de prensa e que tornaron en alarmantes logo da reunión que o BNG mantivemos cunha representación do Comité de Empresa.

As representantes sindicais trasladáronnos que esta residencia está a funcionar con menos persoas traballadoras das que establece a normativa para este tipo de centros, até o punto de que, para atender ás 130 persoas usuarias, só traballan 9 auxiliares e unha limpadora na quenda de mañá, na de tarde 7 auxiliares e ningunha limpadora, e unicamente 2 auxiliares e unha enfermeira na de noite.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta evidente falla de persoal, que implica que cada traballadora realice moito máis traballo no mesmo espazo de tempo, implica un peor desempeño e acaba provocando nelas unha elevada sobrecarga física e mental.

Os efectos da falla de efectivos son, por exemplo, que pola mañá as persoas usuarias teñan que agardar moito tempo para a ducha e vestido, cheguen máis tarde ao almorzo, tomen a medicación con desfases nos horarios e, por tanto, con desfase na administración de tratamentos antibióticos ou para a saúde mental, ou que ninguén os poida acompañar para ir ao servizo a tempo de que poidan facer as súas necesidades ou á hora de garantir unha hixiene persoal axeitada, entre outras cuestións.

A escaseza de persoal tamén supón que as traballadoras, para poder facelo todo antes do final da súa quenda de traballo, teñan que acelerar a recollida do comedor despois da comida ou a recollida de residentes á hora de se deitar, ou reducir os labores de limpeza das dependencias ou no servizo de lavandería, entre outras tarefas.

Esta sobrecarga laboral afecta a calidade do servizo. Cóstanos, ademais, por diversos testemuños que hai familias coñecedoras deste tipo de deficiencias, ben porque as propias persoas usuarias lles trasladan as súas queixas, ben porque as deficiencias son evidentes, e que nos últimos dous anos estanse a ver incrementadas.

Desde o Comité de Empresa explican que xa se tramitaron dous expedientes administrativos, tras constatarse que o centro non cumpre os ratios de persoal establecidos pola Xunta, pero que non obtiveron reposta por parte da Consellaría de Política Social.

Uns incumprimentos que foron constatados pola propia Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia en 2023 e 2024, o que motivou a apertura deses dous expedientes administrativos que a Consellaría de Política Social aínda non resolveu. E consta tamén unha nova denuncia presentada nos últimos meses diante desa Inspección.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É por iso que, unha vez esgotada a vía do diálogo coa empresa, que se nega a atender as demandas das traballadoras, e ante a pasividade da Consellería e da Inspección de Maiores, que nin resolve os expedientes nin recibe ao comité para atender as incidencias, decidiron facer públicos os incumprimentos dos ratios de persoal.

O BNG consideramos que non se debe consentir que se manteñan unhas condicións laborais que supoñen unha exceso de carga de traballo para o persoal, que provoca numerosas baixas, riscos psicosociais, estrés e ansiedade, e que implica, ademais, un grave deterioro da calidade asistencial recibida polos residentes do centro residencial Vila do Conde.

O Goberno galego, e nomeadamente a Consellería de Política Social e Igualdade, debe garantir unha atención de calidade ás 130 persoas residentes en Vila do Conde, así como velar para que as traballadoras deste centro teñan unhas condicións laborais dignas que non repercutan na súa saúde esixíndolle á empresa que cumpra as ratios de persoal marcadas pola normativa, así como as condicións marcadas no convenio colectivo.

Ademais a Consellería de Política Social e Igualdade debe exercer o seu labor fiscalizador para velar polo correcto funcionamento dese centro xeriátrico, máxime cando está a recibir unha importante subvención da administración galega. É o que cómpre facer por respecto ás e aos maiores que aí residen e ás súas familias que están a pagar, non pouco, por un servizo que actualmente non reciben

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece o Goberno Galego a situación laboral das traballadoras do Centro Residencial Vila do Conde de Gondomar?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Considera o Goberno Galego que a asistencia recibida polas persoas usuarias desa residencia é a adecuada?

- Coñece o Goberno Galego se o Centro Residencial Vila do Conde cumpre as conta co número de traballadoras que marca a normativa para este tipo de centros?

- Considera o Goberno Galego que para atender ás 130 persoas usuarias son suficientes 9 auxiliares e unha limpadora na quenda de mañá, 7 auxiliares e ningunha limpadora na de tarde e unicamente 2 auxiliares e unha enfermeira na de noite?

- Realmente pensa o Goberno Galego que 1 auxiliar, no mellor dos casos, pode atender adecuadamente a 15 persoas anciáns coas necesidades especiais que teñen (duchalas, vestilas, axudarlles coa súa hixiene persoal, darlles o almorzo, levalas ao baño, dispensarlles a medicación pautada á hora correcta, darlles o xantar, recoller o comedor,...)?

- Cree o Goberno Galego que con esta ratio de persoal as persoas usuarias do centro teñen garantida unha asistencia de calidade, é dicir a asistencia que reciben as persoas maiores que viven no centro teñen a asistencia e a atención que merecen?

- Que resultados concluíron as inspeccións realizadas no Centro Residencial Vila do Conde de Gondomar?

- Iniciouse algún expediente como consecuencia desas inspeccións?

- Pensa o Goberno Galego responder a solicitude de reunión que lle fixo o Comité de empresa do centro? Cando vai reunirse a conselleira de Política Social e Igualdade con elas?

- Que medidas vai levar a cabo o Goberno Galego para reverter a situación que se está a producir no Centro Residencial Vila do Conde de Gondomar?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Pensa o Goberno Galego esixirlle ao centro que incremente o persoal e que cumpra o convenio colectivo?

- Vai a actuar o Goberno Galego para que mellore a calidade asistencial do Centro Residencial Vila do Conde e que as persoas usuarias que viven nel teñan garantida as atencións que os nosos maiores merecen?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmela González Iglesias na data 22/01/2025 11:58:32**

**Ramón Fernández Alfonso na data 22/01/2025 12:00:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2025 12:01:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta activar un plan de adquisición das competencias en lingua galega para o alumnado estranxeiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello de goberno da Xunta do 2 de setembro aprobou o Plan MEGA de mellora educativa de Galiza, unha estratexia anunciada co obxectivo de incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar nun modelo de ensino inclusivo.

Segundo o Conselleiro de Educación, o Plan inclúe medidas para “avanzar nunha aprendizaxe máis personalizada, reforzar as competencias clave e a atención a todo tipo de diversidade”.

Entre as diferentes liñas de actuación, destácase unha específica centrada na atención ao alumnado estranxeiro, cada vez máis presente nas aulas galegas en todas as etapas, a partir das “intervencións educativas necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social destes estudantes desde unha participación activa na vida escolar”.

A través desta liña proporcionárase apoio ao alumnado estranxeiro para asegurar a expresión e a comprensión lingüística efectiva e fortalecer as súas habilidades de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

lectura e escritura, imprescindíbeis para garantir o dereito á educación desde a equidade e a inclusión.

Na información trasladada aos medios de comunicación non se concreta ningunha estratexia ou actuación para axudar o alumnado estranxeiro a se integrar social, educativa, cultural e lingüisticamente en galego, polo que xa temos solicitado, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, copia do mencionado Plan MEGA para coñecelo en detalle.

Con todo, a habitual falta de resposta e transparencia do goberno da Xunta ás peticións de documentación requiridas desde o grupo parlamentario do BNG, sustenta moitas preguntas sobre o desenvolvemento da metodoloxía necesaria para favorecer a adquisición da lingua galega por parte do alumnado estranxeiro, así como de como se vai proceder á súa implantación neste inminente comezo de curso escolar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas vai implementar o goberno da Xunta para que o crecente alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición das competencias en lingua galega?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Cristina Fernández Davila**

**Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/01/2025 12:12:51**

**Iria Taibo Corsanego na data 22/01/2025 12:15:31**

**Cristina Fernández Davila na data 22/01/2025 12:15:33**

**Daniel Castro García na data 22/01/2025 12:16:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a evolución e xestión das denuncias de violencia sobre a muller no partido xudicial de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos relativos ao número de denuncias presentadas en Ourense no primeiro semestre de 2024 en materia de violencia sobre a muller evidencian un notable incremento en relación coas presentadas en idéntico período do exercicio anterior. Fronte ás 404 rexistradas no primeiro semestre de 2023, no 2024 presentáronse 483, isto é, case un 20%. Mais lonxe de tratarse dunha realidade puntual ou conxuntural a análise das denuncias formuladas na última década permite apreciar que é precisamente nos tres últimos anos nos que se rexistraron, con diferenza, o maior número de denuncias. Así, fronte as 249 denuncias presentadas nos primeiros semestres dos anos 2014 ou 2015, no 22 presentáronse 623, no 23 foron 404, e no actual 2024, 483, que practicamente duplican as de hai unha década.

Como é coherente coa distribución da poboación na demarcación de Ourense, a maior parte os feitos denunciados producíronse en localidades e concellos correspondentes ao partido xudicial de Ourense, polo que implican un incremento da carga de traballo do Xulgado con competencias en materia de violencia sobre a muller deste partido, concretamente o Xulgado de Instrución núm.3.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xulgado, ao que ten translación este incremento de actividade delitiva, polo que nos tres primeiros trimestre deste ano xa ingresou practicamente o mesmo número de asuntos penais que en todo o ano pasado, superando xa a sección civil o número de asuntos rexistrados en todo o do 2023.

Como é sabido o Xulgado de Instrución núm.3 de Ourense compatibiliza as competencias, civís e penais, propias do Xulgado de Violencia Sobre a Muller coas dun órgano de instrución, con algunhas dispensas no reparto de asuntos, mais coa participación ordinaria nas quendas de garda; para o que ten aprobado o mesmo cadro de persoal que calquera outro xulgado de instrución. Aínda que é recoñecida a situación de “garda permanente” propia dos Xulgados de Violencia sobre a muller e o singular da atención que require a tramitación das actuacións e dilixencias propias desta área, o cadro de persoal do xulgado é o mesmo que o de calquera outro de igual clase do partido xudicial.

A maior abastanza a Lei Orgánica 1/25, de 2 de xaneiro, recentemente aprobada contempla que serán as Seccións de Violencia sobre a Muller dos Tribunais de Instancias as que terán encomendada a instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal por delitos contra a liberdade sexual, mutilación xenital feminina, trata, matrimonio forzado..., isto é, verán incrementada a súa carga de traballo coas novas competencias que se lle confiren.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza acaído o cadro de persoal do Xulgado de Instrución núm.3 de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal foi a evolución nos últimos 5 anos dos reforzos destinados ao Xulgado de Instrución núm. 3 de Ourense?

Ten previsto a Xunta de Galiza dotar con persoal de reforzo a este Xulgado? Formulouse algunha solicitude neste sentido?

Cantas prolongacións de xornada están autorizadas neste Xulgado, e cal foi a evolución das mesmas?

Por que razón se reduciron as prolongacións de xornada de que dispuña o Xulgado?

Solicitouse nos últimos meses a concesión de novas prolongacións de xornada para o xulgado de instrución núm. 3 de Ourense?

Ten previsto a Xunta de Galiza dotar ao Xulgado de Instrución núm.3 de Ourense de novas prolongacións de xornada?

En que medida o incremento das competencias atribuídas ás unidades xudiciais encargadas dos asuntos relacionados coa violencia sobre a muller implicará o incremento do persoal destinado ás mesmas?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/01/2025 12:34:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2025 12:36:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Olalla Rodil Fernández, Brais Ruanova Vilas-Boas, Montserrat Valcárcel Armesto e Mercedes Queixas Zas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o parque eólico Setrebares, nos concellos de Guitiriz (Provincia de Lugo), e Monfero, Abegondo, Aranga, Curtis e Oza-Cesuras (Provincia de A Coruña).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 4 de xaneiro de 2025 foi publicado no BOE nº4 Sec. V-B. Páx. 564, do Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na Galicia, polo que se somete, ao trámite de Información Pública (IP), a solicitude de autorización administrativa previa (AAP) e o estudo de impacto ambiental (EsIA), da instalación eólica «SATREBARES» de 125 MW de potencia instalada, e súa infraestrutura de evacuación, nos termos municipais de Guitiriz (Provincia de Lugo), e Monfero, Abegondo, Aranga, Curtis e Oza-Cesuras (Provincia de A Coruña), promovido pola mercantil «MARACAIBO SOLAR,S.L.U.», con domicilio social en R/José Luis Bugallal Marchesi, 10, 1.º D-A - 15008 A Coruña e CIF: B09791609. (CÓDIGO DE REFERENCIA DO EXPEDIENTE: PEol-910).

O parque eólico Setrebares pretende instalar 29 turbinas eólicas nos concellos de Guitiriz e Monfero, a carón dos parques eólicos existentes de Serra da Loba e a súa ampliación, nomeada Pena da Revolta.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Moitas das posicións de xeración deste novo parque eólico distan poucos centos de metros a aeroxeradores existentes.

En calquera caso, o proxecto básico, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acometen tampouco unha avaliación acaida de impactos acumulativos e sinérxicos, obvian o parque eólico Serra da Loba.

Practicamente a metade dos aeroxeradores están localizados a menos de cinco veces a altura total do aeroxerador con respecto dos núcleos de poboación, incumprindo polo tanto a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

O proxecto do PE que nos ocupa sitúa gran parte das infraestruturas en zonas con indicadores de exclusión de enerxía eólica.

Na zona onde se pretende a instalación están presente especies de aves vulnerábel segundo o CGEA, a gatafornela (*Circus cyaneus*), en estado vulnerábel segundo o CGEA, o millafre real (*Milvus milvus*).

En canto a quirópteros están presentes o morcego das covas (*Miniopterus scheibersii*), o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*) todos eles en estado vulnerábel segundo o CGEA, e os dous primeiros tamén no CEEA coa mesma categoría.

Esta instalación afectaría gravemente aos mananciais que abastecen os núcleos próximos ao parque eólico e que non foron considerados no estudo de impacto ambiental. A implantación do proxecto tería grave impacto sobre os recursos hídricos existentes mediante a modificación do microclima, cambios no uso do solo, e modificación na calidade e cantidade das augas tanto superficiais como subterráneas.

No eido da afección patrimonial observamos que nas proximidades do parque eólico atópanse varios elementos patrimoniais. Este parque eólico tería un efecto





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

negativo na conservación dos elementos ao eliminar o potencial turístico (e polo tanto os fondos dedicados para conservalos) polo deterioro da paisaxe circundante.

Tampouco ten en conta, nin a documentación do parque eólico, nin o estudo de avaliación ambiental, as actividades existentes no territorio, obviando por completo a afección que este terá sobre terras produtivas agrogandeiras e forestais. Creando unha prevalencia antinatural da instalación industrial sobre as que achegan bens de consumo primario a toda a poboación.

Os aeroxeradores CP02 y AR01, a torre de medición TM01, parte dos viais de acceso ao parque, e parte do trazado das liñas de media tensión localízanse dentro do monte de utilidade pública nomeado MUP “CORDAL DA LOBA” Este MUP pertence á Comunidade Autónoma, localizado no distrito Ferrol, Concello de Monfero na provincia da Coruña e de tipo patrimonial.

Cousa rechamante é que a mercantil que impulsa este proxecto, conta cun capital social de 3.000 €, e pertenza a un entramado de sociedades de igual capitalización, feito que resulta incompatible coa xestión dun parque eólico que supera os 120 millóns de euros na súa fase construtiva.

Pero non menos rechamante é que na proposta de localización dos aeroxeradores que van no termo municipal de Monfero.

Por todo isto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cal é o estado da tramitación do parque eólico Setrebares?
2. Existen novos condicionantes, sobre todo en materia de patrimonio, para a execución deste parque eólico?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Vai ter en conta a consellería a afección á PAC deste parque eólico?
4. Ten coñecemento das alegacións realizadas por particulares e colectivos a este proxecto?
5. Vai a Xunta ter en conta a afección ao conxunto da reserva da biosfera Terras do Mandeo?
6. Avalía a Xunta os efectos que vai ter a liña de evacuación nos concellos por onde ten a súa traza?
7. Que tipo de acordo se utilizará para a cesión de terreos públicos do MUP Cordal da Loba?
8. Que valoración fai do proxecto no seu conxunto?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Mercedes Queixas Zas**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**José Manuel Golpe Acuña na data 22/01/2025 13:14:17**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/01/2025 13:14:22**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/01/2025 13:14:30**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/01/2025 13:14:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2025 13:14:49**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o Observatorio do Sector Lácteo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo galego é un dos piares fundamentais do sector primario do noso país, erguéndonos coma o primeiro produtor de leite cru do estado español, acadando case un 40% da súa produción. Mais, a pesares de ser un sector punteiro loita con moitas eivas, que se fan evidentes á hora de contabilizar as explotacións de carácter leiteiro galegas, que descenderon de xeito moi esaxerado nas dúas últimas décadas, chegando agora a unhas escasas 5500, cun ritmo de peche que non trae bos agoiros para os produtores/as, en especial para as ganderías familiares, que desaparecen por centos cada ano sen que esta sangría se conteña.

Parte da problemática que o sector sofre é responsabilidade dunha política pouco ambiciosa creada para el, que continúa a ter as mesmas carencias ao longo dos anos e ás que non se lle pon remedio por parte do goberno da Xunta de Galiza e, en particular da Consellería de Medio Rural, que observa de xeito pasivo o devir dos acontecementos, onde as explotacións, cada día máis mecanizadas, modernizadas e con mellores producións en canto á calidade e á cantidade se ven abandonadas en canto ás políticas pensadas e ideadas para elas se refire.

Un dos problemas que leva consigo a produción láctea galega é, sen lugar a dúbidas, o prezo ao que o produto se vende en orixe, onde o propio gandeiro/a, ten unha capacidade de negociación moi escasa ou nula, de maneira que sofre oscilacións, firmas de contratos á baixa e diferencial de prezos con outras áreas do estado, sen practicamente marxe de manobra. Recentemente, coma os produtores manifestaban, o prezo do leite non cubría custos, sen que iso fose remediado nin tratado coa importancia que se merece o sector por parte do goberno galego





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

e sen que se aportaran solucións fiables a longo prazo e que garantiran a súa supervivencia na actualidade.

Unha das ferramentas chave neste tipo de crises lácteas é, ou debera ser o Observatorio do Sector Lácteo, cuxa información e datos, son ser unha arma coa que traballar de xeito constante dende a Consellería de Medio Rural, para atallar crises, posibles malas prácticas e escoitar a todos os elos da cadea, ofrecendo solucións a través de plans de traballo nos que a propia Consellería sexa partícipe e tome medidas de ser preciso. Mais, atopámonos coa realidade de que a derradeira vez que se reuniu o Observatorio foi no ano 2023, a pesares da grande crise de prezos que se acaba de dar e da que aínda non se recuperaron os e as produtoras do país.

Esta mesma semana a Consellería de Medio Rural confirmaba que se recuperaría a actividade e funcións do Observatorio do Sector Lácteo, mais tamén proporcionaba a información de que as reunións do pleno do Observatorio pasarán de ser trimestrais a anuais, feito que nos parece un erro grave tratándose dun sector con variacións moi acusadas en canto a contratos entre a industria e as produtoras, prezos en orixe, custos de produción, devires de mercado, etc, e que chegarán a poñerse en común, en moitos casos, cando xa se teñan dado e sen que as partes interesadas teñan a opción de debatelas e traballar ao respecto.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cre a Consellería de Medio Rural que é suficiente unha reunión anual do Observatorio do Sector Lácteo para tratar a información que ten que aportar e para a participación de cadea de produción leiteira para expoñer as problemáticas e elaborar plans de traballo?
2. Acordouse esta redución drástica das reunións do Pleno do Observatorio con todos os seus conformantes?
3. Como se traballará de xeito actualizado se as reunións do Pleno do Observatorio son anuais e temos contratos dunha duración de 4 meses na recollida a produtores galegos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Considera a Consellería de Medio Rural que se atallarán os problemas reducindo as reunións anuais?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

**Secundino Fernández Fernández**

**Sonia Vidal Lamas**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 22/01/2025 13:58:32**

**Sonia Vidal Lamas na data 22/01/2025 13:58:35**

**Secundino Fernández Fernández na data 22/01/2025 13:58:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás consecuencias para Galiza da perda das entregas a conta por mor da derogación no Congreso do Real Decreto que formulaba o mecanismo para a súa devolución ante a falta de orzamentos do Estado.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de xaneiro de 2025 o Congreso das e dos deputados celebraba un pleno extraordinario no que entre os asuntos a tratar estaba o *Real Decreto-lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social* que foi derogado con 177 votos en contra, 171 a favor e unha abstención.

Entre outras medidas importantes, aínda que insuficientes, para Galiza e para as maiorías sociais, atopábase o contido no CAPÍTULO II de Financiamento territorial no que se recollían a liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2023 para as entidades locais e tamén a actualización das entregas a conta e das referencias relativas á participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2025 e a determinadas compensacións a favor das entidades locais. Polo tanto, a derogación destas previsións supón agora un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

problema de primeira orde para os municipios galegos, xa de por si infrafinanciados e afogados tamén pola política orzamentaria e económica da Xunta de Galiza así como pola sobrecarga de competencias impropias.

Así mesmo, o citado decreto tamén contemplaba a súa sección 2.<sup>a</sup> respecto do financiamento das Comunidades Autónomas a previsión para as entregas a conta de 2025 en situación de prórroga orzamentaria perdendo así coa súa derogación, por exemplo, máis de 85 millóns de euros que se contemplaban na suplementación do Fondo de Suficiencia Global.

A non aprobación destas medidas, sumado ao infrafinanciamento que sofre Galiza e que o propio Consello de Contas cifra en máis de 1.500 millóns de euros ao ano, sumado á negligente estratexia da Xunta de Galiza de non negociar co Estado nin un mellor financiamento nin tampouco unha quita da débeda, poñen Galiza nunha situación crítica. Máis aínda nun contexto no que os orzamentos para 2025 supoñen en realidade unha conxelación orzamentaria ao non cubrir sequer o incremento do IPC.

Esta cuestión vai afectar aos galegos e galegas e ao funcionamento dos instrumentos de Galiza e dos seus servizos públicos, polo que é urxente que o goberno galego avalíe esta situación e reconsidere cambiar o seu papel de submisión á axenda estatal por unha papel de defensa dos intereses de Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3<sup>a</sup> :

Que vai facer a Xunta de Galiza para favorecer o desbloqueo das entregas a conta defendendo os intereses do noso país por riba dos seus intereses partidarios?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten avaliado o goberno galego as repercusións para Galiza no caso de non recibir as entregas a conta pendentes?

E o impacto da equivalente situación nos concellos galegos?

Que propostas fai neste ámbito o goberno galego?

Que recortes vai aplicar o goberno galego de non conseguir este financiamento?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Oscar Insua Lema**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2025 09:47:31**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 23/01/2025 09:58:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Óscar Insua Lema na data 23/01/2025 09:59:26**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/01/2025 10:00:10**

**Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2025 10:00:55**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O día 13 de xaneiro, coñecemos o déficit de persoal de enfermaría en España, que se arrastra desde hai décadas e nos sitúa en 100.000 profesionais.

As diferenzas entre CC.AA son considerables, da mesma forma que existen diferenzas entre as provincias de Galicia.

Pero a cifra que citamos, é só para equiparar o cociente coa Unión Europea que se sitúa en 8,5 enfermeiras/os por cada 1.000 habitantes, estando a media de España en 6,5 profesionais por eses 1.000 citados habitantes.

Pero se agora o que facemos é confrontar esta media coa das provincias galegas, vemos que só Lugo está por encima da media de España e o resto dos cocientes provinciais son realmente preocupantes.

Ourense ocupa o antepenúltimo lugar de España con 4,74 enfermeiras por 1.000 habitantes.

É certo que se incorporaron enfermeiras e enfermeiros pero non o fan o ritmo para paliar o déficit. Da mesma forma que Galicia segue con déficit entre as enfermeiras que saen da nosa Comunidade Autónoma con respecto ás que entran. Neste contexto sabemos que de Galicia saíron no ano 2023 510 enfermeiras, e con todo só entraron 156, co que queda claro o déficit autonómico.

Pero non é a primeira vez que coñecemos este déficit.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2025 10:39:56  
**Nº Rexistro: 18149**  
Data envío: 23/01/2025 10:39:56,421

Xa o Colexio Xeral de Enfermería e os sindicatos denunciaron con anterioridade este feito. No primeiro caso, é dicir, o Colexio, cifraba o déficit para Galicia en 10.000 profesionais.

A realidade é que todos estes números lévannos a unha dura realidade: Galicia sitúase como a penúltima Comunidade Autónoma en cocientes de enfermeiras e Ourense é a penúltima de Galicia, pero como xa indicamos ocupando un máis que pésimo lugar en España.

É un problema máis que se engade á falta de médicos en Atención Primaria ou de pediatras.

Pero preocúpannos tamén as mensaxes que está a transmitir a Xunta de Galicia como pode ser o flexibilizar as normas para 2025 para poder incorporar ao Sergas a diplomados procedentes de países que non forman parte da Unión Europea e nada se di con respecto a salvagardar a profesión pero sobre todo á seguridade para o paciente.

Por todo iso, as deputadas que asinan preguntan:

Ten algún plan a Xunta de Galicia para incrementar o número de enfermeiras e enfermeiros en Ourense, para alcanzar, a curto prazo, polo menos a media española?

Parlamento de Galicia, 23 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2025 10:20:38**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

61977

@PSdeG



CSV: B6R6G-SFG-ZA20X4k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2025 10:39:56**  
**Nº Rexistro: 18149**  
Data envío: 23/01/2025 10:39:56.421

**Elena Espinosa Mangana na data 23/01/2025 10:20:51**

CSV: BG9BG-SHGqZw20X4k-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /



981.55.15.30

61978

@PSdeG



## A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Fomentar o asociacionismo, dinamizar o movemento e a participación veciñal, a xestión conxunta de bens e servizos pola poboación galega e mellorar a cohesión social do noso territorio é un dos obxectivos da axenda política do goberno galego, exercido a través da Dirección Xeral de Administración Local dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A través do Plan específico de acción comunitaria, a Xunta de Galicia leva anos outorgando, a través de dúas liñas de subvencións, axudas específicas a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños espalladas por todo o territorio galego, así como a comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais, debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma, para que poidan realizar inversións, tanto de acondicionamiento, reforma e ampliación dos locais nos inmobles dos que son titulares ou teñen algún dereito de uso e nas traídas de auga veciñal, como inversións en equipamentos para mellorar o funcionamento destas entidades e a organización das actividades específicas que desenvolven ditos colectivos.

Unha liña de subvencións que tivo, desde o seu inicio unha gran acollida, que sempre foi valorada de forma moi positiva polas entidades e que cada ano ten maior demanda pola propia finalidade das axudas, que permitiulles executar proxectos e realizar



actuacións ás que eles cos seus recursos propios non darían feito fronte e doutra, e doutra pola facilidade na xustificación e no pagamento das subvencións.

A introdución nas convocatorias da posibilidade de que a administración dispuxese un pagamento anticipado do 100% da contía da subvención concedida no momento da aceptación, fíxoa moito máis atractiva para as directivas das entidades, e así o trasmiten.

Resolta xa a convocatoria do ano 2024, á que o goberno galego destinou 3 millóns de euros gustaríanos coñecer o alcance desta medida.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento, das liñas de subvencións a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños?
- 2.- A que importe ascende a inversión realizada pola Xunta de Galicia, a través desta liña de subvencións tanto na provincia como na cidade de Ourense?



- 3.- Cantas entidades, tanto asociacións como comunidades de augas se viron beneficiadas por esta orde?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 23/01/2025 10:43:08**

**Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2025 10:43:24**

**Paula Prado del Rio na data 23/01/2025 10:43:38**

**Julio García Comesaña na data 23/01/2025 10:43:53**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 23/01/2025 10:44:07**

**Paula Mouzo Mas na data 23/01/2025 10:44:19**

**Pablo Prieto Perille na data 23/01/2025 10:44:35**

**María Felisa Rodriguez Carrera na data 23/01/2025 10:44:45**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 23/01/2025 10:44:53**

**Katherinie Varela Fernández na data 23/01/2025 10:45:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a xestión e concesión das tarxetas moedeiro no ano 2025 no concello de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Consello Territorial de Servizos Sociais celebrado o 15 de decembro de 2021 acordouse por unanimidade retomar a aplicación do sistema de tarxetas moedeiro para que familias en situación de extrema vulnerabilidade con nenos, nenas ou adolescentes a cargo podan adquirir alimentos e produtos de primeira necesidade. As persoas beneficiarias poderán acceder de xeito directo a alimentos frescos, alimentación infantil e produtos básicos de hixiene, nun programa que esencialmente é financiado con cargo a fondos europeos.

Coa posta en marcha do programa, corresponde ás CCAA a identificación, valoración e derivación das persoas potencialmente beneficiarias, se ben con carácter transitorio e ate o 31 de decembro de 2024 conferiuse á Cruz Vermella o aseguramnetno da cobertura e provisión das tarxetas ás beneficiarias, o contro do seu correcto uso e que tiveran acceso as contías concedidas, así como a emisión de informes sobre o seguimento do programa, entre outras cousas.

A partires do 1 de xaneiro de 2025 corresponden ás CCAA -Xunta de Galiza- a xestión do programa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A realidade é que segundo as informacións achegadas polo Concello de Ourense, a mediados de decembro, a máis de 70 familias de Ourense foilles denegada a solicitude de tarxetas moedeiro, sendo en máis dun 70% dos casos debido a falla de orzamento no programa. Xa que logo non é a inexistencia de necesidade ou de situación de vulnerabilidade a que determina ou determinou a denegación da tarxeta básica, senón a inexistencia de crédito de abondo para atender ás familias ourensás en situación de extrema vulnerabilidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cantas solicitudes de tarxetas moedeiro de familias do concello de Ourense está a tramitar actualmente a Xunta de Galiza?

Cantos informes sociais emitíronse neste ano 2025 en relación coas solicitudes de tarxetas moedeiro tramitadas en Ourense?

Cal é o número de solicitudes denegadas no ano 2024 por insuficiencia de crédito no programa?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para que familias de Ourense en situación de extrema vulnerabilidade vexan denegada a súa solicitude de tarxeta moedeiro que permita adquirir produtos e alimentos básicos?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/01/2025 10:51:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2025 10:51:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2025 10:52:07**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión Permanente non Lexislativa da Corporación da Radio e Televisión de Galicia**.

A televisión de Galicia, segundo informaba un medio dixital, ordenaba aos redactores da delegación da Coruña que deixasen de incluír nas súas informacións os nomes dos acusados de matar a Samuel Luiz, cuxo xuízo se estaba a celebrar na Audiencia Provincial da Coruña.

O mesmo informativo tamén expuxo que se lles indicaba aos traballadores e traballadoras do ente público que debían evitar tomar imaxes dos seus rostros, e de facelo debían editalas e difundilas pixelando as súas caras para impedir que puidesen ser identificados.

É importante destacar que segundo o mesmo medio, a tenor do exposto polos traballadores e traballadoras, esta estratexia coincidiría coa dun avogado defensor.

Tres semanas antes da vista, varios traballadores e traballadoras da TVG recibiron unha circular sen cabeceira nin sinatura, baixo o título "Pautas de estilo para os informadores sobre o tratamento da imaxe", cuxo punto número 1 referíase precisamente aos xuízos e procesos xudiciais.

Destaca o persoal traballador que esta circular non foi recibida por todo o cadro, nin en todas as delegacións.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2025 11:32:52  
**Nº Rexistro: 18159**  
Data envío: 23/01/2025 11:32:52.801

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Indicouse por parte da CRTVG aos redactores e redactoras da delegación da Coruña, en relación co xuízo sobre a morte violenta de Samuel Luiz, que deixaran de incluír nos informativos os nomes dos acusados?
2. E que non gravaran ás persoas acusadas e de facelo editaran as imaxes pixeladas?
3. Por que só os traballadores e traballadoras da delegación da Coruña recibiron instrucións neste sentido?
4. Que razóns motivaron esta actuación irregular por parte da dirección da CRTVG?

Parlamento de Galicia, 23 de xaneiro de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2025 11:24:48**

**Silvia Longueira Castro na data 23/01/2025 11:25:00**





## A MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da Radio e da Televisión de Galicia**.

Dende o comité intercentros da CRTVG informábase que a dirección da CRTVG convocou o comité en plena xornada de folga e tras sete semanas de paros, non para negociar os motivos dos paros senón para anunciar unha reestruturación nos centros de traballo da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid.

O subdirector de informativos, Alejandro López Carballeira, foi o encargado de explicar as “novas dinámicas de traballo” que consisten en que as redactoras (ata o de agora especializadas en televisión, radio ou *web*) pasen a traballar “de maneira indiscriminada nos tres soportes”.

Recoñeceu que esa transformación suporá modificacións de tarefas e posiblemente tamén de horarios, amais de afectar á estrutura organizativa, habendo unha responsable por delegación que coordinará os contidos e o persoal, e que desenvolverá a representación institucional de cada centro de traballo.

Fan así oídos xordos de novo á demanda de diálogo social recollida nos motivos da folga, onde se pedía retomar a negociación da nova clasificación profesional, e tan necesaria para acometer unha transformación dixital da CRTVG consensuada e exitosa.





O Grupo Parlamentario Socialista denunciaba na Comisión de Control parlamentaria que dende o 26 de xuño de 2024 non se levaron a cabo máis reunións nin se acadou acordo en firme sobre o modelo presentado pola CRTVG para a nova clasificación profesional, pendente de actualización desde hai máis dunha década e instabamos o Director do ente a retomar de forma urxente a negociación.

Considera, o comité intercentros, que a dirección volve a aplicar “rodillo” para impoñer funcións, xerando máis inqueda e malestar entre as traballadoras e traballadores dos medios públicos e que constitúe un novo ataque á súa representación que non fai máis que quentar unha folga froito do maltrato e desmantelamento que levan anos sufrindo por parte da actual dirección.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. A que marco legal responde a modificación e reestruturación das delegacións anunciada pola dirección da CRTVG ?
2. Estas novas dinámicas van dar lugar á modificación substancial das condicións de traballo?
3. En que punto queda a información territorial con este cambio?
4. Como vai ser a dinámica diaria de traballo?
5. Como vai afectar ás funcións do persoal?
6. É un paso previo á implantación do mesmo sistema de traballo en San Marcos?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2025 11:33:23  
**Nº Rexistro: 18160**  
Data envío: 23/01/2025 11:33:23.832

7. Como vai afectar esta proposta a redactores e locutores da RG? Vai supoñer algún cambio nas súas funcións?

8. Vai isto supoñer algún cambio na estrutura orgánica, nas xefaturas, a quen van ter que dar conta os traballadores e traballadoras?

9. O cambio nas delegacións é o paso previo para facer o mesmo na Radio Galega?

Parlamento de Galicia, 23 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2025 11:30:55**

**Silvia Longueira Castro na data 23/01/2025 11:31:11**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

61989

@PSdeG



CSV: BG9BQ-9B6ZT1A9YA&ok-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do mosteiro de San Salvador de Asma en Chantada.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concello de Chantada conta na súa parroquia de San Salvador de Asma cunha das maiores xoias do románico de toda a bisbarra de Chantada. Trátase do Mosteiro de San Salvador de Asma que data do século X e que foi fundado por Ero Ordoñez e a súa muller Adosinda. Desde entón, esta edificación ten sido testemuña de séculos e séculos de historia e de acontecementos moi singulares do noso pasado como a Reforma monástica, os saqueos das tropas napoleónicas ou a denominada Desamortización de Mendizábal entre moitos outros.

Trátase sen ningunha dúbida dun dos mosteiros máis dignos de protección por parte de todas e cada unha das administracións competentes, non so por se tratar dun Ben de Interese Cultural (BIC), senón por respecto ao noso pasado e á nosa rica historia representada en edificacións como esta.

Pois ben, a situación actual do Mosteiro de San Salvador de Asma é verdadeiramente penosa. O estado xeral do edificio é directamente lamentábel e o que é máis grave aínda, moitas das pezas con que orixinariamente contaba foron roubadas sendo o seu paradiro actual descoñecido. Estes son algúns dos agravios que sufriu o mosteiro: As escaleiras orixinais do mosteiro foron substituídas por outras de obra nova, o claustro orixinal do edificio foi removido por completo e non fica ningunha pedra no





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

chan, varias das portas orixinarias foron tapiadas con cemento eliminando no proceso dúas portadas románicas compostas de columnas, bases, cimacios, tímpano e toda a estrutura que as compoñían, capiteis románicos decorados de incalculábel valor que foron roubados ou un tímpano cun motivo único en toda a Península Ibérica que tamén foi espoliado. Estes son só algúns dos agravios que se constataron nos últimos tempos.

Desde a Irmandade Cultural País do Faro veñen denunciando estes feitos unha vez os puideron coñecer dado que non se puido acceder ao mosteiro até hai pouco tempo. É certamente doloroso e desgarrador ver o espolio que se ten cometido con esta auténtica xoia de Chantada, da Ribeira Sacra e de toda Galiza. É por tanto inevitábel preguntarse onde estivo a Xunta de Galiza e a Dirección Xeral de Patrimonio todos estes anos máis aínda cando se trata dunha edificación catalogada como Ben de Interese Cultural. É deber dos gobernos coidar o noso patrimonio e mantelo en boas condicións e o caso de San Salvador de Asma é un dos exemplos máis clamorosos da neglixencia do goberno galego neste ámbito.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que ten pensado facer o goberno galego ante a situación de espolio constatada no Mosteiro de San Salvador de Asma en Chantada?
- Por que non fixo nada a Xunta de Galiza ante o notábel deterioro do Mosteiro e as denuncias presentadas nos últimos anos?
- Pensa a Xunta lanzar unha investigación para encontrar as pezas de incalculábel valor que foron roubadas do Mosteiro?
- Por que non protexeu a Xunta de Galiza esta edificación aínda estando catalogada como BIC?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Por que non se velou por parte do goberno galego para que o Mosteiro puidese ser visitado todos estes anos?

- Teñen a Xunta e a Dirección Xeral de Patrimonio pensado pedir desculpas ao pobo de Chantada ante a manifesta negligencia cometida co Mosteiro de San Salvador de Asma?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 23/01/2025 13:14:58**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2025 13:17:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Secundino Fernández Fernández, Montserrat Prado Cores e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As enfermidades profesionais no sector da industria da pedra e do mármore son recorrentes ao longo da historia, un problema non superado e que aínda a día de hoxe son un grave problema no noso país. que parece enquistado dados os resultados epidemiolóxicos máis recentes e que puidera parecer tamén insuperábel.

En opinión do BNG estes feitos evidencian unha deficiente prevención de riscos laborais nas empresas do sector, e unha deficiente actuación por parte das administracións titulares das competencias de control e vixilancia do cumprimento das normas de prevención de riscos laborais, nomeadamente por parte da Xunta de Galiza.

Os informes anuais do “Instituto Nacional de Silicosis” deixan en evidencia unha situación na Galiza que necesariamente hai que cualificar de criminal. Ano tras ano a encabezar o casos de silicose diagnosticados mentres a Xunta da Galiza actúa como se o goberno galego non tivese máis responsabilidades no asunto que realizar algunha campaña informativa sobre os riscos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O informe do ano 2023 deixa os seguintes datos para Galiza:

|                     | N. SIMPLE | N. COMPLICADA | FID | Total     |
|---------------------|-----------|---------------|-----|-----------|
| <b>Activos</b>      | 60        | 19            | -   | <b>79</b> |
| <b>Pensionistas</b> | 10        | 4             | -   | <b>14</b> |
| <b>Total</b>        | <b>70</b> | <b>23</b>     | -   | <b>93</b> |

Dos corenta e un traballadores e traballadoras en activo con diagnose de neumoconiose simple, 25 proceden do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 24,7 anos, 18 proceden do sector do granito con unha exposición laboral ao risco de 27,6 anos, 14 proceden do sector das marmorerías con 23,6 anos de exposición.

Das 19 persoas en activo diagnosticadas con neumoconiose complicada, 8 proceden do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 28,9 anos, outras 5 persoas ao sector das marmorerías, con unha exposición de 23 anos, e 2 persoas ao sector do granito con 19 e 36 anos de exposición.

Das 10 persoas pensionistas diagnosticadas con neumoconiose simple 8 proveñen do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 28,4 anos. As outras 2 proveñen do sector das marmorerías e contan con un historial de 20 e 226 anos respectivamente.

Das 4 persoas pensionistas diagnosticadas con neumoconiose complicada 3 traballaron no sector da lousa e presentan unha historia laboral de risco media de 42 anos. A outra persoa traballou no sector das marmorerías durante un período de 20 anos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

De entre as conclusións deste informe, desde o BNG vémonos na obriga de salientar pola súa importancia as seguintes:

- A porcentaxe de novos casos correspondentes a persoal en activo continúa superando, un ano máis, o 60%.
- Nun elevado número de casos, o 24,1%, a diagnose inicial resulta pneumoconiose complicada, o que podería evitarse con unha axeitada vixilancia da saúde dos traballadores e traballadoras do sector.
- Obsérvase un aumento de casos no sector das marmorerías, a maioría persoas en activo

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Coñece a Xunta de Galiza os datos dos últimos informes elaborados polo “Instituto Nacional da Silicose”?

. Como valora a Xunta de Galiza na súa condición de autoridade laboral o feito de que en todos os últimos informes publicados se conclúa reiteradamente que a prevención de riscos laborais no sector é deficiente?

. Como explica a Xunta de Galiza que ningún organismo galego participara na elaboración do último Protocolo de vixilancia específica para a silicose? Como valora este último protocolo? Que actuacións realizou para garantir a súa aplicación?

. Como valora o feito de que sendo Galiza o territorio do estado español, e nomeadamente a provincia de Ourense, onde máis casos de silicose se diagnostican





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

todos os anos non exista no sistema público de saúde galego unha unidade especializada e haxa que remitir doentes e consultas ao centro de Asturias?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Secundino Fernández Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 23/01/2025 16:42:07**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/01/2025 16:45:12**

**Secundino Fernández Fernández na data 23/01/2025 16:45:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2025 16:46:08**





## A Mesa do Parlamento

**Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A automoción en Galicia, segundo datos do propio sector, supón na economía galega cerca de 25.000 postos de traballo e máis de 12.300 millóns de facturación, con máis de 200 empresas.

Desde a súa orixe converteuse nun motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na Comunidade tanto polo seu impacto no emprego como na competitividade do conxunto da industria galega.

En consecuencia, parece preciso desenvolver medidas para preservala e mesmo impulsar o seu crecemento.

Neste sentido, destacan as recentes actuacións que, no ámbito das súas competencias, está a poñer en marcha o Goberno galego, como o Plan director da automoción, que persegue promover a transformación tecnolóxica e dixital, mellorar a capacitación dos profesionais e fomentar a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de acompañar o sector no seu proceso de transición e fortalecer a súa competitividade futura ou o Plan extraordinario de apoio á descarbonización e transición ao vehículo eléctrico do sector da automoción de Galicia, anunciado no Consello da Xunta do 25 de novembro, no marco do anterior.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





Ademais destas, somos conscientes de que é preciso que a Xunta de Galicia continúe traballando para dar cabida a novas liñas de actuación para a automoción debido ao seu valor estratéxico.

Con todo, entre outras políticas cómpre a descentralización dos fondos Next Generation, cousa que non está a suceder, xa que son as comunidades autónomas as que teñen os recursos administrativos e o coñecemento do tecido produtivo, neste caso desta industria tractora crucial para Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais:

- Cal é a valoración das medidas postas en marcha polo Goberno galego a favor do sector da automoción en Galicia?
- Ten coñecemento o Goberno galego das medidas que está tomando o Goberno central para garantir a viabilidade do sector da automoción en Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 23/01/2025 16:50:18**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 23/01/2025 16:50:39**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/01/2025 16:50:48**

**Ángel Rodríguez Conde na data 23/01/2025 16:50:58**

**Cristina Sanz Arias na data 23/01/2025 16:51:08**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 23/01/2025 16:51:21**

**María Deza Martínez na data 23/01/2025 16:51:36**

**Borja Vereza Fraiz na data 23/01/2025 16:51:51**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 23/01/2025 16:52:09**

**Julio García Comesaña na data 23/01/2025 16:52:26**

**Patricia García González na data 23/01/2025 16:52:39**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## A Mesa do Parlamento

**Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Victor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez** deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Rede Galega de Teatros e Auditorios foi constituída pola Xunta de Galicia en 1996 coa intención de impulsar e espallar polo territorio as artes escénicas e musicais, con especial protagonismo do teatro e das compañías galegas.

A xestión da Rede correspóndelle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, quen cofinancia as actividades cos concellos e as entidades xestoras dos espazos asociados.

Hoxe, despois de case trinta anos de traxectoria, pode afirmarse que a Rede Galega de Teatros e Auditorios se ten consolidado como o principal circuío para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, cunha programación estable e atractiva que cada ano percorre toda Galicia, atraendo cada vez máis público.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

- Que balance fai a Xunta de Galicia das actividades desenvolvidas pola Rede Galega de Teatros e Auditorios?
- Que papel xoga a Rede dentro do ecosistema cultural galego?





Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 23/01/2025 16:59:25**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 23/01/2025 16:59:42**

**José Luis Ferro Iglesias na data 23/01/2025 16:59:57**

**Víctor Baladrón Lamas na data 23/01/2025 17:00:06**

**Julio García Comesaña na data 23/01/2025 17:00:16**

**Patricia García González na data 23/01/2025 17:00:24**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/01/2025 17:00:38**

**Raúl Santamaría González na data 23/01/2025 17:00:46**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 23/01/2025 17:01:09**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2025 17:16:46  
**Nº Rexistro: 18217**  
Data envío: 23/01/2025 17:16:46,577

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 4ª**.

O equipo directivo, profesorado e ANPA do CPI Plurilingüe Antonio Faílde vén de solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional mediante escrito rexistrado para o efecto, así como verbalmente a través da Xefatura Territorial, de acordo co art. 79 da LOMLOE e a normativa autonómica que citan na solicitude, o cumprimento nas aulas de 6º de Educación Infantil, 2º de Educación Primaria, 6º de Educación Primaria da Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre a Consellaría e as organizacións sindicais CCOO, ANPE e UGT-SP Ensino, sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, onde se especifica que aquelas aulas que ao inicio da aplicación progresiva desta redución de ratios teñan entre 20 e 25 alumnos, non verán incrementado o seu número de alumnos reais en toda a duración do período de aplicación respecto do número real que tivesen no curso anterior.

Ademais, solicitan profesorado suficiente para poder realizar un desdobre na aula de 3º de Educación Primaria, e aumentar o profesorado especialista de PT para poder facer fronte a todas as necesidades que ten o centro e poder garantir:





1.- Apoio educativo ao alumnado con necesidades especiais, nas diferentes materias, especialmente en Bioloxía, Xeografía e Historia e Tecnoloxía, do grupo 1º da ESO, nas que actualmente non existe.

2.- A inclusión efectiva deste alumnado no grupo ordinario, garantindo o seu progreso académico e social sen prexudicar ao resto do grupo.

Entende o Grupo Parlamentario Socialista que vista a realidade do centro é imprescindible que a Xunta de Galicia recolla as demandas dos pais e nais, así como, do propio equipo directivo e do profesorado, se cumpra a normativa vixente e se atendan as peticións formuladas.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que a Xunta de Galicia non atende as motivadas peticións do equipo directivo, profesorado e ANPA do CPI Plurilingüe Antonio Faílde do concello de Coles?

2. Vai, entón, o Goberno galego incumprir a Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre a Consellería e as organizacións sindicais CCOO, ANPE e UGT-SP Ensino, sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da comunidade autónoma de Galicia?

3. Vai o Director Xeral visitar o CPI para comprobar a situación descrita polos afectados e realizar unha valoración real e presencial do problema?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2025 17:16:46  
**Nº Rexistro: 18217**  
Data envío: 23/01/2025 17:16:46,577

4. Vai o Goberno galego buscar solución á grave problemática existente en relación cos cursos 6º de Educación Infantil, 2º de Educación primaria, 6º de Educación Primaria, respecto da ratio de alumnos?

5. Vai o Goberno galego buscar solución á grave problemática existente no curso de 3º de Educación Primaria para poder realizar un desdobre?

6. Vai o Goberno galego buscar unha solución e incrementar o profesorado especialista de PT?

Parlamento de Galicia, 23 de xaneiro de 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2025 17:11:27**

**Julio Abalde Alonso na data 23/01/2025 17:11:39**

**Silvia Longueira Castro na data 23/01/2025 17:11:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a avaliación do desenvolvemento da Lei de museos e centros museísticos de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cun patrimonio cultural moi rico e diverso. Isto convértese nunha fortaleza á hora de sustentar un sistema museístico relevante para contribuír ao desenvolvemento cultural e económico de Galiza.

Esta riqueza patrimonial vese reflectida no feito de que nos últimos vinte anos aumentase o número de museos en Galiza, o que tamén permite aumentar a oferta cultural.

É significativo destacar que no ano 2021 o Partido Popular aprobou en solitario a Lei de museos e centros museísticos. Ao amparo deste marco legal, o goberno comprometía a posta en valor destes espazos, desde todas as dimensións, como xeradores de coñecemento, creatividade e innovación.

Transcorridos tres anos da aprobación desta lei, o Consello da Cultura Galega, órgano estatutario de alto asesoramento do goberno, acaba de facer público un informe en que analiza a situación da rede museística de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A partir da diagnose inicial de sermos un país cun inmenso patrimonio cultural, neste informe recóllense varias debilidades que cómpre atender e entre as que destaca as seguintes:

- aínda existe unha visión estereotipada dos museos, como lugares pouco atractivos, aburridos e destinados a intelectuais.
- insuficiencia de recursos, o que incide en que se produzan situacións precarias e de inestabilidade laboral.
- excesiva atención á creación de continentes sen dimensionar ou especializar os seus contidos.
- falta de compromiso por parte da Administración nos procesos de rendemento de contas.
- o interese da poboación galega polos museos é algo inferior ao da media estatal e máis dun cuarto dos galegos (arredor do 26%) segue manifestando un baixo ou nulo interese por estas institucións.
- a sociedade galega interactúa pouco cos museos galegos, mentres que amosan interese polos doutras zonas cando viaxan; unha desconexión que supón un desafío importante.
- falta de publicidade efectiva para moitas exposicións e centros.
- a modernización tecnolóxica dos museos permitiu maior visibilidade, pese a que se percibe como insuficiente.
- o nivel de coordinación entre os museos galegos percíbese como insuficiente.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A propia Lei de museos e centros museísticos de Galiza recoñecía que a ausencia da mesma estaba a impedir o desenvolvemento do sector, mais das conclusións deste informe dedúcese que polo de agora os problemas recoñecidos persisten.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que balance fai o goberno galego do desenvolvemento da Lei de museos e centros museísticos aprobada en 2021?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2025 17:39:13**

**Daniel Castro García na data 23/01/2025 17:41:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña, Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o proxecto da mina de Touro e O Pino.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política industrial que está a desenvolver o Partido Popular desde a Xunta de Galiza ten como grandes beneficiarias grandes empresas, moitas delas de carácter transnacional, por riba do medio ambiente, os intereses e incluso os sectores produtivos galegos.

Neste senso, o proxecto de explotación da mina de Touro e O Pino por parte de Cobre San Rafael recibiu a declaración de Proxecto Industrial Estratéxico por parte do Consello da Xunta de Galiza este pasado xuño. Salientaba para iso o executivo unha mancha de bondades e vantaxes, a comezar polo investimento inicial de case 200M€ e a creación de 394 postos de emprego directo, mais sen mencionar en ningún momento a contaminación da bacía do Ulla e a ría da Arousa, nin dos impactos que terá sobre o emprego xa existente a día de hoxe nesta contorna. Contaminación que se vén producindo de xeito reiterado a pesar do cese da extracción de cobre en 1986 e que sempre se acaba saldando con sancións leves, ou coa absoluta inacción fronte á non restauración que se fixo deste lugar unha vez cesada esta explotación mineira.

Após a súa publicación no DOG dentro do procedemento de exposición pública, podemos constatar algunhas das características deste novo proxecto de Cobre San





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Rafael. Trataríase dunha explotación mineira a ceo aberto que afectaría aos concellos de Touro e O Pino, ademais de aos de Arzúa e Vila de Cruces pola liña de alta tensión que se necesita dende o encoro de Portodemouros. Suporía a expropiación de máis de 2000 bens, incluíndo camiños, estradas e desvío de ríos. A superficie afectada chega ás 812,2 hectáreas, 123 hectáreas máis que no proxecto de 2017, das cales a súa inmensa maioría son terreos de aproveitamento forestal ou agrícola.

Ademais das afectacións que tería in situ e tamén na bacía do Ulla, cómpre sinalar que este volve ser un proxecto que, unha vez máis, supón o aproveitamento dos recursos naturais galegos por parte dunha gran empresa sen que o beneficio obtido redunde na poboación que sofre o impacto desa extracción.

Mais o significativo deste proxecto é que non introduce cambios substanciais a respecto do presentado pola mesma empresa en 2017 e que obtivo unha DIA negativa no ano 2020. Un proxecto que nese momento suscitou un importante rexeitamento social, con abondosas mobilizacións demandando a súa paralización. A Xunta de Galiza desbotou a posibilidade de inadmitir o proxecto ao abeiro do recollido no artigo 39 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que a sociedade volve a saír de novo ás rúas e mobilizarse, tamén presentando alegacións a este proxecto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

– É consciente o goberno galego dos danos que pode supor a nivel medioambiental a mina de Touro e O Pino? Que opinión ten da ameaza que supón para os sectores produtivos, especialmente o sector agrogandeiro da comarca de Arzúa e o marisqueo na ría da Arousa?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

– Que medidas ten implantado este goberno para evitar que se sigan producindo vertidos da antiga explotación mineira de Touro?

– Considera o goberno galego que este proxecto vai lograr fixar poboación nas comarcas onde se vai desenvolver?

– Considera que este é un proxecto positivo para Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Rosana Pérez Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 23/01/2025 18:24:15**

**Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2025 18:26:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2025 18:27:14**

**José Manuel Golpe Acuña na data 23/01/2025 18:27:32**






OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres na data 23/01/2025 18:27:50**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

